

# ***Plan de Autoprotección da FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS***



---

Realizado por QUIRÓNPREVENCIÓN  
D. Alicia Piñeiro Veiras  
Técnico Superior Prevención Riscos Laborais

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Alicia Piñeiro Veiras', enclosed in a light grey rectangular box.

Data: 15 de setembro de 2023

Aprobado polo Titular da Actividade  
D.

Data.

---



# Índice paxinado

<i>Introdución e obxectivos do plan.....</i>	<i>6</i>
<i>Introdución.....</i>	<i>7</i>
<i>Obxectivos.....</i>	<i>7</i>
<i>Regulamentación e normativa de referencia .....</i>	<i>8</i>
<i>Capítulo 1. Titulares e localización da actividade.....</i>	<i>12</i>
<i>1.1 Denominación e localización da actividade.....</i>	<i>13</i>
<i>1.2 Titular da actividade .....</i>	<i>13</i>
<i>1.3 Director do Plan de Autoprotección e Xefe de Emerxencias.....</i>	<i>14</i>
<i>Capítulo 2. Descrición da actividade e do medio físico no que se desenvolve.....</i>	<i>16</i>
<i>2.1 Descrición das actividades desenvolvidas .....</i>	<i>17</i>
<i>2.2 Descrición do centro, dependencias e instalacións onde se desenvolven as actividades.....</i>	<i>17</i>
<i>2.3 Características Construtivas, Instalacións, e Condicións Xerais do Deseño Arquitectónico... ..</i>	<i>34</i>
<i>2.4 Clasificación e descrición dos usuarios.....</i>	<i>40</i>
<i>2.5 Descrición do ámbito no que figura o FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS.....</i>	<i>41</i>
<i>2.6 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a Axuda Externa .....</i>	<i>41</i>
<i>2.6.1. Vías de acceso.....</i>	<i>41</i>
<i>2.6.2. Condicións do ámbito do edificio.....</i>	<i>42</i>
<i>2.6.3 Condicións de accesibilidade por fachada .....</i>	<i>42</i>
<i>2.6.4 Condicións de accesibilidade por fachada para persoas.....</i>	<i>43</i>
<i>2.6.5 Medios exteriores de Protección.....</i>	<i>44</i>
<i>Capítulo 3. Inventario, análise e avaliación de riscos .....</i>	<i>45</i>
<i>3.1 Elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poden dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de xeito desfavorable no seu desenvolvemento .....</i>	<i>46</i>
<i>3.2 Identificación, análise e avaliación dos riscos propios da actividade e dos riscos externos que puidesen afectala.....</i>	<i>47</i>
<i>3.2.1 Identificación dos riscos.....</i>	<i>47</i>
<i>3.3 Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas tanto afectas á actividade como alleas a esta que teñan acceso aos edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade ....</i>	<i>51</i>
<i>Capítulo 4. Medidas e medios de au.....</i>	<i>63</i>
<i>4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón a entidade para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos servizos externos de emerxencias .....</i>	<i>64</i>
<i>4.1.1 Medios Técnicos para a Detección e Extinción de Incendios .....</i>	<i>64</i>

4.1.2. <i>Instalación de Iluminación de Emerxencia</i> .....	74
4.1.3 <i>Sinalización</i> .....	74
4.1.4 <i>Elementos da evacuación. Saídas, saídas de emerxencia, portas</i> .....	75
4.1.5 <i>Compartimentación en Sectores de Incendio - Protección Pasiva Contra Incendios</i> .....	75
4.1.6 <i>Medios Humanos</i> .....	75
<b>Capítulo 5. Programa de mantemento de instalacións</b> .....	76
5.1 <i>Mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o seu control</i> .....	77
5.2 <i>Mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a súa operatividade</i> .....	78
5.3 <i>Inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente</i> .....	83
<b>Capítulo 6. Plan de actuación ante emerxencias</b> .....	88
6.1 <i>Identificación e clasificación das emerxencias</i> .....	90
6.1.1 <i>En función do tipo de risco</i> .....	90
6.1.2 <i>En función da gravidade</i> .....	90
6.1.3 <i>En función da ocupación e medios humanos</i> .....	91
6.2 <i>Procedementos de actuación ante emerxencias</i> .....	92
6.2.1 <i>Detección e Alerta</i> .....	92
6.2.2 <i>Mecanismos de Alarma</i> .....	93
6.2.2.1 <i>Identificación da persoa que dará os avisos</i> .....	95
6.2.3 <i>Mecanismos de resposta fronte á emerxencia</i> .....	95
6.2.4 <i>Evacuación e/ou Confinamento</i> .....	96
6.2.5 <i>Prestación das Primeiras Axudas</i> .....	97
6.2.6 <i>Modos de recepción das Axudas externas</i> .....	99
6.3 <i>Identificación e funcións das persoas e equipos que levarán a cabo os procedementos de actuación en emerxencias</i> .....	100
6.3.1 <i>Estrutura Xeral</i> .....	100
6.3.2 <i>Funcións Asignadas en "HORARIO DE PLENA ACTIVIDADE"</i> .....	102
6.3.2 <i>Funcións Asignadas en "HORARIO DE ACTIVIDADE REDUCIDA OU NON HABITUAL"</i> .....	109
6.3.3 <i>Composición dos Equipos</i> .....	111
6.4 <i>Identificación do responsable da posta en marcha do plan de actuación ante emerxencias</i> .	112
<b>Capítulo 7. Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior</b> .....	113
7.1 <i>Protocolos de notificación de emerxencia</i> .....	114
7.2 <i>Coordinación entre a dirección do plan de autoprotección e a dirección do plan de protección civil onde se integre o plan de autoprotección</i> .....	114
7.3 <i>Formas de colaboración da organización de autoprotección cos plans e as actuacións do sistema público de protección civil</i> .....	115
<b>Capítulo 8. Implantación do plan de autoprotección</b> .....	117
8.1 <i>Identificación do responsable da implantación do plan</i> .....	118

8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no plan de autoprotección.....	118
8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o plan de autoprotección ....	121
8.4 Programa de información xeral para os usuarios.....	121
8.5 Sinalización e normas para a actuación dos visitantes.....	122
8.6 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos .....	123
8.7 Programa de implantación do plan de autoprotección .....	124
Capítulo 9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de autoprotección.....	125
9.1. Programa de reciclaxe de formación e información .....	126
9.2. Programa de substitución de medios e recursos .....	126
9.3. Programa de exercicios e simulacros .....	126
9.4. Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do plan de autoprotección.....	129
9.5. Programa de auditorías e inspeccións.....	129
Anexo I. Directorio de comunicación .....	130
Composicións dos Equipos de Emerxencias. Teléfonos dos seus compoñentes.....	131
Teléfonos da axuda exterior .....	133
Anexo II. Formularios para a xestión de emerxencias.....	134
Anexo III. Planos .....	140
Anexo IV. Procedementos operativos para os diferentes tipos de emerxencia.....	141
Anexo V. Fichas para as distintas funcións das persoas que interveñen nas emerxencias .....	154

---

## ***Introdución e obxectivos do plan***

---

## **Introdución**

A lexislación española, que se cita máis adiante, establece a necesidade de que os titulares de determinadas actividades, en función das súas características adopten as medidas necesarias para previr as posibles situacións de emerxencia que poidan suceder, así como para establecer os criterios de actuación no caso de que algunha desas emerxencias poida chegar a producirse.

De acordo con esta obriga, redáctase o presente Plan de Autoprotección para o Centro da Universidade de Santiago de Compostela, FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, situada na Avda. do Burgo das Nacións, s/n. Campus Norte, 15782 Santiago de Compostela, A Coruña, España.

Para a elaboración deste Plan tívose en conta a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, en diante norma Básica de Autoprotección (R.D. 393/2007 do 23 de marzo de 2007. B.O.E. nº 72 do 24 de marzo de 2007).

---

## **Obxectivos**

O obxectivo principal do presente Plan é previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencia, na zona baixo a responsabilidade do titular da actividade, garantindo a integración destas actuacións co sistema público de Protección Civil.

Tamén son obxectivo deste Plan.

- A descrición do establecemento, as súas instalacións e os sectores ou zonas de risco potencial.
- Identificar, analizar e avaliar os riscos propios e os externos.
- Establecer formas de colaboración co sistema público de Protección Civil.
- Garantir a fiabilidade das instalacións e dos medios de protección.
- Garantir a dispoñibilidade de persoas formadas e preparadas para unha rápida e eficaz actuación.
- Garantir a intervención inmediata, a evacuación e/ou confinamento (no caso necesario).
- Facilitar as inspeccións dos Servizos da Administración.
- Garantir a intervención da Axuda Externa.
- Previr dos posibles sucesos adversos a todas aquelas actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións e dependencias recollidos no anexo I que poidan resultar afectadas por situacións de emerxencia
- Identificar os medios de protección existentes e necesarios para mitigar os posibles sucesos. (humanos e materiais).
- Organizar os medios humanos e materiais, e planificar as súas obrigas.
- Cumprir a normativa vixente.

Todo iso baixo os seguintes principios.

- Evitar os posibles accidentes ou sucesos.
- Combater os sinistros na súa fase inicial.
- Tratar, sempre que sexa posible, de combater o sinistro cos medios dispoñibles no propio centro.
- Dirixir a evacuación do persoal a zonas de seguridade.
- Prestar axuda ás posibles vítimas.
- Comunicarse e cooperar cos organismos e servizos públicos.

Non é obxecto do presente documento establecer un plan de adecuación dos medios de protección ou das vías de evacuación. Para estes efectos deben consultarse as recomendacións establecidas ao efecto na Avaliación de Riscos Laborais ou nos Estudos Técnicos Específicos.

Para conseguir os obxectivos formulados, o contido deste Plan de Autoprotección axústase ao establecido no Anexo II da Norma Básica de Autoprotección (R.D. 393/2007).

---

## ***Regulamentación e normativa de referencia***

O marco legal establecido ao amparo do R.D. 393/2007, do 23 de marzo, publicado no BOE nº 72/2007, de 24 de marzo, que aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia; foi modificado polo R.D. 1468/2008, de 5 de setembro, publicado no BOE nº 239/2008, do 3 de outubro.

Para a Elaboración do Plan de Autoprotección, tamén lle é de aplicación calquera disposición legal obrigatoria e/ou recomendada.

A continuación enumérase parte da lexislación aplicable, clasificada en distintos apartados.

### *Normativa de Autoprotección*

- Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia; modificado polo Real Decreto 1468/2008, do 5 de setembro, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.
- Decreto 172/2022, de 6 de outubro, polo que se aproba o catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que fixa o contido de esas medidas.

### *Normativa de Protección Civil*

- Lei 5/2007, de 7 de maio, Lei de Emerxencias de Galicia.



- RD 524/2023, de 20 de xuño, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.
- Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia.

#### Normativa de Prevención de riscos laborais

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención.
- Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.
- Real Decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.
- Real Decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.
- Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto. 681/2003, do 12 de xuño, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores expostos aos riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de Traballo.
- Real Decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición aos axentes biolóxicos durante o traballo.
- Real Decreto 171/2004, de Coordinación de Actividades Empresariais en materia de Prevención de Riscos Laborais.

#### Reglamentación sobre especificacións en instalacións de seguridade e mitigación

- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.
- Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con minusvalía/discapacidade.
- Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o regulamento de instalacións de protección contra incendios (R.I.P.C.I.).
- Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.
- Real Decreto 842/2013, de 31 de outubro, polo que se aproba a clasificación dos produtos de construción e dos elementos construtivos en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ao lume.
- Real Decreto 2177/1996, de 4 de outubro, polo que se aproba a Norma Básica de Edificación "NBE-CPI/96: Condicións de Protección contra incendios dos edificios".

A entrada en vigor do Código Técnico de Edificación, o 29 de marzo de 2006, derroga a anterior normativa en materia de protección contra incendios nos edificios. O Código será de aplicación a:

- Obras de edificación de nova construción, cuxo proxecto precise de licencia o autorización legalmente exigible.
- Obras de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación que se realicen en edificios existentes, sempre e cando ditas obras sexan compatibles coa natureza da intervención e, no seu caso, có grado de protección que poidan ter os edificios afectados.
- Cando pretenda cambiarse o uso característico en edificios existentes.

O CTE no ten aplicación con carácter retroactivo polo que aos edificios con licencia de obras outorgada con anterioridade ao 29 de marzo de 2006 o CTE no lle será de aplicación. Sen embargo, dado que é a normativa vixente actualmente en protección contra incendios de edificios, utilízase como normativa de referencia para a elaboración do presente Plan de Autoprotección tal e como indica o RD 393/2007.

#### Actividades de Almacenamento de Produtos Químicos

- Real Decreto 656/2017, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Almacenamento de Produtos Químicos e as súas Instrucións Técnicas Complementarias MIE APQ 0 a 10.

#### Actividades Industriais

- Real Decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión e Instrucións Técnicas Complementarias; modificado por Resolución de 9 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeneral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, pola que se actualiza o listado de normas da instrución técnica complementaria ITC-BT-02 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto.
- Real Decreto 1027/2007, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios.
- Real Decreto 203/2016, de 20 de maio, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización de ascensores e compoñentes de seguridade para ascensores.
- Real Decreto 809/2021, de 21 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de equipos a presión e as súas instrucións técnicas complementarias.
- Real Decreto 1644/2008, do 10 outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas.
- Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior das edificacións.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial....

Outra normativa

- Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade.
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais de toda esta normativa seguiu-se a "Guía Técnica para a elaboración dun Plan de Autoprotección", publicada pola Dirección Xeneral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior.

---

# **Capítulo 1**

---

## ***Titulares e localización da actividade***

## 1.1 Denominación e localización da actividade

O centro da *Universidade de Santiago de Compostela* onde se desenvolve a actividade á que fai referencia o presente Plan de Autoprotección é o seguinte.

<b>Datos do centro</b>			
<i>Nome do centro</i>	FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS		
<i>Denominación da actividade</i>	Centro docente da Universidade.		
<i>Dirección</i>	Avda. do Burgo das Nacións, s/n. Campus Norte		
<i>Localidade</i>	Santiago de Compostela	<i>CP</i>	15.782
		<i>Provincia</i>	A Coruña
<i>Teléfono</i>	881811726 / 881811513		

## 1.2 Titular da actividade

O titular do centro onde se desenvolve a citada actividade é o seguinte.

<b>Datos do titular da actividade</b>			
<i>Razón social</i>	Universidade de Santiago de Compostela		
<i>Localidade</i>	Santiago de Compostela	<i>CP</i>	15.782
		<i>Provincia</i>	A Coruña
<i>Teléfono</i>	881 816 201	<i>Web</i>	<a href="http://usc.es/">http://usc.es/</a>

### **1.3 Director do Plan de Autoprotección e Xefe de Emerxencias**

O **Director/a do Plan de Autoprotección** será a persoa responsable única para a xestión das actuacións encamiñadas á prevención e o control de riscos, ademais da xestión de todos os aspectos relacionados co Plan de Autoprotección.

Mentres non hai ningunha emerxencia responsabilizarase de:

- Xestionar todo o necesario para evitar que xurda calquera emerxencia.
- Programar simulacros.
- Programación de formacións.
- Revisión dos medios de extinción dispoñibles.

A persoa que o titular da actividade designou como Director/a do Plan de Autoprotección é:

<b>Director do Plan de Autoprotección</b>				
<i>Cargo</i>	Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais			
<i>Nome:</i>	Adrián Dios Vicente			
<i>Dirección</i>	Avda. do Burgo, s/n. Campus Norte			
<i>Localidade</i>	Santiago de Compostela	<i>CP</i>	15.782	<i>Provincia</i> A Coruña
<i>Teléfono</i>	<u>CONSERXARÍA</u> : 881811726			
	Adrián: 881811683			
<i>E-mail</i>	<a href="mailto:adrian.dios@usc.es">adrian.dios@usc.es</a>			

O **Xefe de Emerxencias**, é a persoa (con autoridade e capacidade de xestión) responsable única, de activar o plan de acordo co establecido neste:

- Declarando a correspondente situación de emerxencia.
- Notificando ás autoridades competentes de Protección Civil.
- Informando o persoal.
- Adoptando as accións inmediatas para reducir as consecuencias do accidente ou suceso.
- Igualmente será responsable de dirixir todas as actuacións.

Neste caso, a persoa que o titular da actividade designou como Xefe de Emerxencias, coincide ca mesma designada como Director do Plan de Autoprotección.

<b>Xefe de emerxencias da FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS</b>			
<i>Cargo</i>	Vicedecano de Estudantes e Relacións Internacionais / Decano (suplente)		
<i>Nome:</i>	Adrián Dios Vicente Xoán Ramón Doldán García (suplente)		
<i>Dirección</i>	Avda. do Burgo, s/n. Campus Norte		
<i>Localidade</i>	Santiago de Compostela	<i>CP</i> 15782	<i>Provincia</i> A Coruña
<i>Teléfono</i>	<u>CONSERXARÍA</u> : 881811726		
	Adrián: 881811683	Xoán Ramón (Decano): 981811569 / 981811505	
<i>E-mail</i>	<a href="mailto:adrian.dios@usc.es">adrian.dios@usc.es</a>	xoan.doldan@usc.es	

---

## **Capítulo 2**

---

### ***Descrición da actividade e do medio físico no que se desenvolve***



---

## **2.1 Descrición das actividades desenvolvidas**

Como Centro Universitario que é, a actividade fundamental desenvolvida é a de docencia e investigación, pero dispón tamén dunha zona dedicada a cuestións administrativas, así como tamén de zonas de uso común como cafetería e biblioteca.

---

## **2.2 Descrición do centro, dependencias e instalacións onde se desenvolven as actividades**

### **A) DESCRICIÓN DO CENTRO**

A Facultade estrutúrase en: Edificio Xeral e Edificio de Ampliación realizado no ano 2004.

O Edificio Xeral, consta das seguintes plantas: Semisoto, Baixa, entreplanta superior e inferior, planta 1ª, 2ª e 3ª.

No Semisoto, ademais da Hemeroteca con dous depósitos de publicacións, existen varios locais utilizados como almacén.

En entreplanta superior sitúanse Aulas, aseos e Decanato.

En entreplanta inferior sitúanse aulas, aseos, locais sindicais, local xardiñeiro, almacén limpeza, sala de comunicacións, vestiario limpeza feminino e depósito de libros biblioteca.

Na Planta Baixa sitúanse varios almacéns, aulas, a unidade de xestión de centros e deportes, punto de atención, reprografía, información e servizos, cafetería, aseos, salas de informática e sala comunicacións.

A planta 1ª destínase a despachos, cuarto de limpeza, aseos, seminario 128, aula 31 e aula 32.

A planta 2ª destínase a despachos, seminario 202, almacén limpeza, aseos, seminario 237, aula 33 e aula 34.

A planta 3ª destínase a despachos, seminario 302, seminario 330, sala de comunicacións, almacén limpeza, aseos e seminario 336.

As Plantas 1ª, 2ª e 3ª destínanse para despachos, seminarios/aulas e aseos.

O edificio de ampliación consta de dúas plantas: Planta Baixa e Planta Primeira.

Na planta baixa atópase a sala de caldeiras, varios almacéns, sala de limpeza, sala ascensor, aulas, aulas de informática, aseos, despacho técnico/a informática, vestiario limpeza masculino, centro de transformación, grupo electrógeno e da biblioteca, dous almacéns e dous depósitos hemeroteca.

Na planta primeira sitúanse almacéns, aulas e aseos.

## B) DESCRICIÓN DAS DEPENDENCIAS

### PLANTA BAIXA (agás Biblioteca e Decanato)

**Uso de Planta:** Docente

**Ocupación máxima:** 1485 persoas.

Dentro das aulas, aulas de informática, salas de traballo, administración, cafetería, etc.

**Accesos:** A Planta Baixa

#### Dende o Exterior:

- S1. Fachada norte. Entrada principal, por dúas portas de 2 follas con ancho útil 1,95 m, con apertura cara ao exterior do edificio e un vestíbulo previo con dúas portas corredizas de cristal, ancho útil de 2 m cada unha delas, e controladas por unha célula fotoeléctrica que ante un fallo da corrente deixa a porta en aberto.
- S2. Fachada norte. Por unha porta de 2 follas con barra antipánico e ancho útil 1,78m, e apertura cara ao exterior, instalada próxima ao Decanato.
- S6. Fachada sur. Dispón de porta de dúas follas e ancho 1.90 m, con barra antipánico e apertura cara ao exterior. Esta porta está precedida por un corredor con rampa e unha porta automática de cristal de 4 follas, sendo dous de elas móbiles e deixando un ancho de paso de aproximadamente 1.25 m.

#### Dende o Decanato

- Por escaleira E6 e despois por medio de unha porta de 1 folla de 0,80m, con apertura cara ao interior do Decanato.

#### Dende a Entreplanta Superior

- Polas escaleiras E7, E10, E11 e E14.

#### Dende a Entreplanta Inferior

- Polas escaleiras E8, E9, E12 e E13.

#### Dende a Primeira Planta

- Polas escaleiras descendentes E1 e E2.

**Usos:** Administración, Aulas, salas de informática, salas de traballo, cafetería, unidade de xestión de centros e

departamentos, reprografía, punto de atención, información e servizos, aseos xerais de planta, etc.

**Evacuación:**

Polas portas de acceso indicadas anteriormente: S1, S2, S6.

Ademais, as Aulas 7 e 8 contan con saídas de emerxencia que comunican directamente co exterior (S3 e S4, respectivamente).

**Instalacións:**

- Eléctrica Instalación encaixada ou en falso teito ou en canaleta.  
Iluminación a base de luminarias fluorescentes.  
Iluminación de emerxencia e sinalización a base de bloques autónomos de emerxencia.
- Comunicacións Cuartos con espazos reducidos nos que se atopan situadas a central do SECUS, RAC de telecomunicacións e SAIS.
- Gas Propano Instalación de gas utilizada para a cociña da Cafetaría.
- Contra Incendios Instalación de extintores. Instalación de B.I.E de 25 mm 20 m semirixida.  
Instalación de detección de incendios. A Central atópase instalada na Conserxaría.
- Control de accesos Central instalada na Conserxaría.

## ENTREPLANTA SUPERIOR (incluida planta baixa do Decanato)

<b><u>Uso de Planta:</u></b>	Docente
<b><u>Ocupación máxima:</u></b>	377 persoas
<b><u>Accesos:</u></b>	<u>Dende Planta Baixa a Decanato:</u> - A través de unha porta de unha folia de 0,80 m e despois escaleira E6. <u>Dende Planta Baixa ao resto da Entreplanta Superior:</u> - Polas escaleiras ascendentes E7, E10, E11 e E14.
<b><u>Usos:</u></b>	Despachos, aulas e Salón de Graos.
<b><u>Evacuación:</u></b>	Pola porta e as escaleiras indicadas anteriormente.
<b><u>Instalacións:</u></b>	
- Eléctrica	Instalación encaixada ou en falso teito ou en canaleta. Iluminación a base de luminarias fluorescentes. Iluminación de emerxencia e sinalización a base de bloques autónomos de emerxencia e sinalización.
- Contra Incendios	Instalación de extintores. Instalación de B.I.E de 25 mm 20 m semirixida. Instalación de detección de incendios.

## **PLANTA BAIXA: Biblioteca e Sala de Lectura**

### **ENTREPLANTA INFERIOR: Depósito de Libros**

### **SEMISOTO: Hemeroteca e Depósito de Libros**

**Uso de Planta:** Docente

**Ocupación máxima:** 259 persoas en Planta Baixa, 17 persoas en entreplanta e 13 persoas en Semisoto.

**Accesos:**

Dende a planta baixa:

- Por unha portas de 2 follas, cun ancho útil de 1,60 m e con apertura cara ao interior da Biblioteca, seguidas doutras dúas portas, pero de 1 folla e 0,82m de ancho cada unha seguidas dun control de accesos que permite que solo estea operativo unha das follas.

Dende o exterior (nivel de Planta Baixa):

- S7.Por unha porta de 2 follas con barra antipánico e apertura cara ao exterior do edificio.
- S8.Por unha porta de 1 folla e 0,75m de ancho útil, con apertura cara ao interior da Biblioteca.

Dende o exterior (nivel Semisoto):

- S14. Por unha porta de 2 follas e 1,50 m de ancho útil, equipada con barra antipánico, e con apertura cara ao exterior do edificio.

As 3 plantas da Biblioteca comunican entre sí a través das escaleiras E5, situadas no patio central.

Un ascensor, tamén situado no patio realiza o mesmo recorrido (planta baixa ata semisoto).

**Usos:** Despachos, Sala de Lectura, Almacén, Hemeroteca e Depósito de Libros.

**Evacuación:** Polas portas indicadas no apartado de accesos

**Instalacións:**

- Eléctrica Instalación encaixada ou en falso teito ou en canaleta.  
Iluminación a base de luminarias fluorescentes.
- Contra Incendios Instalación de extintores. Instalación de B.I.E. de 25 mm e 20 m.  
Instalación de detección de incendios.

**Almacenamento:** Depósitos de libros, papel, documentación, con superficie maior que 50 m<sup>2</sup>

## PLANTAS 1ª, 2ª e 3ª (Zona Antiga)

<b><u>Uso de Planta:</u></b>	Docente
<b><u>Ocupación máxima:</u></b>	98 persoas (Planta 1ª), 113 persoas (Planta 2ª) e 121 persoas (Planta 3ª).
<b><u>Accesos:</u></b>	<p><u>Dende a planta baixa:</u></p> <p>- Polas escaleiras ascendentes E1 e E2, e despois portas de dúas follas e 1,55 m de ancho útil con apertura no sentido da evacuación.</p> <p>Disponse de 2 ascensores con percorrido entre Planta Baixa e Planta 3ª e situados xunto as escaleiras.</p>
<b><u>Usos:</u></b>	Despachos, seminarios/aulas e aseos.
<b><u>Evacuación:</u></b>	Polas portas de acceso e escaleiras indicadas anteriormente (en cada planta).
<b><u>Instalacións:</u></b>	
- Eléctrica	<p>Instalación encaixada ou en falso teito ou en canaleta. Iluminación a base de luminarias fluorescentes. Bloques de emerxencia autónomos nalgunhas zonas. Na Planta Baixo cuberta atópanse os cuartos de maquinaria de ámbolos dous ascensores.</p> <p>Cadros eléctrico de iluminación e forza (2 por planta) instalados en zona de escaleiras.</p>
- Contra Incendios	Instalación de extintores. Instalación de detección de incendios. Instalación de B.I.E. de 25 mm e 20 m

## PLANTA 1ª (Zona Nova)

**Uso de Planta:** Docente.

**Ocupación máxima:** 60 persoas

**Accesos:** Dende Planta Baixa

- Pola escaleira E2 e porta RF de 2 follas con ancho útil de 1,30m, equipada con barra antipánico, retedor electromagnético e visor rectangular, e con apertura cara á devandita escaleira.

- Pola escaleira E3 (escaleira de incendios de 1,05m de ancho útil), comunica o exterior do edificio coas Plantan 1ª, 2ª e 3ª seguida dunha porta con apertura á citada escaleira.

**Usos:** Despachos, aulas e seminarios.

**Evacuación:** Polas portas e escaleiras indicadas no apartado de accesos.

**Instalacións:**

- Eléctrica En falso teito. Luminarias fluorescentes. Bloques de emerxencia autónomos. Cadro eléctrico de iluminación e forza instalado na zona de escaleira principal.
- Contra Incendios Instalación de extintores. Instalación de B.I.E. de 25 mm e 20 m. Instalación de detección de incendios.

## PLANTA 2ª (Zona Nova)

**Uso de Planta:** Docente.

**Ocupación máxima:** 60 persoas

**Accesos:** Dende Planta Primeira

- Pola escaleira E2 e porta RF de 2 follas con ancho útil de 1,30m, equipada con barra antipánico, retedor electromagnético e visor rectangular, e con apertura cara á devandita escaleira.

- Pola escaleira E3 (escaleira de incendios de 1,05m de ancho útil), comunica o exterior do edificio coas Plantan 1ª, 2ª e 3ª seguida dunha porta con apertura á citada escaleira.

**Usos:** Despachos, aulas e seminarios.

**Evacuación:** Polas portas e escaleiras indicadas no apartado de accesos.

**Instalacións:**

- Eléctrica En falso teito. Luminarias fluorescentes. Bloques de emerxencia autónomos. Cadro eléctrico de iluminación e forza instalado na zona de escaleira principal.
- Contra Incendios Instalación de extintores. Instalación de B.I.E. de 25 mm e 20 m. Instalación de detección de incendios.



## PLANTA 3ª (Zona Nova)

**Uso de Planta:** Docente.

**Ocupación máxima:** 33 persoas

**Accesos:** Dende Planta Segunda

- Pola escaleira E2 e porta RF de 2 follas con ancho útil de 1,30m, equipada con barra antipánico, retedor electromagnético e visor rectangular, e con apertura cara á devandita escaleira.

- Pola escaleira E3 (escaleira de incendios de 1,05m de ancho útil), comunica o exterior do edificio coas Plantas 1ª, 2ª e 3ª seguida dunha porta con apertura á citada escaleira.

**Usos:** Despachos e aulas.

**Evacuación:** Polas portas e escaleiras indicadas no apartado de accesos.

**Instalacións:**

- Eléctrica En falso teito. Luminarias fluorescentes. Bloques de emerxencia autónomos. Cadro eléctrico de iluminación e forza instalado na zona de escaleira principal.
- Contra Incendios Instalación de extintores. Instalación de B.I.E. de 25 mm e 20 m Instalación de detección de incendios.

## ENTREPLANTA INFERIOR

<b><u>Uso de Planta:</u></b>	Docente
<b><u>Ocupación máxima:</u></b>	567 persoas
<b><u>Accesos:</u></b>	<u>Dende Planta Baixa:</u> - Polas escaleiras descendentes E8, E9, E12 e E13. <u>Dende Semisoto:</u> - Polas escaleiras ascendentes E15 e E16.
<b><u>Usos:</u></b>	Locais estudantes, aulas, vestiarios personal limpeza e aseos xenerales de planta.
<b><u>Evacuación:</u></b>	Polas escaleiras indicadas anteriormente.
<b><u>Instalacións:</u></b>	
- Eléctrica	Instalación encaixada ou en falso teito ou en canaleta. Iluminación a base de luminarias fluorescentes. Iluminación de emerxencia e sinalización a base de bloques autónomos de emerxencia e sinalización.
- Contra Incendios	Instalación de extintores. Instalación de B.I.E de 25 mm 20 m semiríxida. Instalación de detección de incendios.

## SEMISOTO

<b><u>Uso de Planta:</u></b>	Instalacións
<b><u>Ocupación máxima:</u></b>	0 persoas
<b><u>Accesos:</u></b>	<p><u>Dende Entreplanta Inferior:</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Polas escaleiras descendentes E15 e E16.</li></ul> <p>Dispón de un ascensor con recorrido ata a entreplanta superior.</p> <p><u>Dende Planta Baixa Ampliación:</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- A través de catro portas de dobre folia e RF-60, con barra antipánico e con un ancho de 1.80 m cada unha. As portas dispoñen de retedores de electroimáns e a súa apertura é cara a zona nova (ampliación).</li></ul>
<b><u>Usos:</u></b>	Sala máquinas ascensor, almacén, instalación en soto non habitable.
<b><u>Evacuación:</u></b>	Polas escaleiras e portas indicadas anteriormente.
<b><u>Instalacións:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Eléctrica Instalación encaixada ou en falso teito ou en canaleta. Iluminación a base de luminarias fluorescentes. Iluminación de emerxencia e sinalización a base de bloques autónomos de emerxencia e sinalización.</li><li>- Contra Incendios Instalación de extintores. Instalación de B.I.E de 25 mm 20 m semiríxida. Instalación de detección de incendios.</li></ul>

## PLANTA BAIXA AMPLIACIÓN

**Uso de Planta:** Docente

**Ocupación máxima:** 694 persoas

**Accesos:**

Dende semisoto (edificio vello)

- A través de catro portas de dobre folla e RF-60, con barra antipánico e con un ancho de 1.80 m cada unha. As portas dispoñen de electroimán de retención e a súa apertura é cara a zona nova (ampliación).

Dende a primeira planta do edificio de ampliación

- Pola escaleira E17, e un ascensor con recorrido de planta baixa a primeira.

Dende o exterior

- Por S12 e despois 3 portas RF-60 de ancho 1.80 m e electroimáns e con apertura cara ao exterior do edificio.

- Por S13 e despois unha porta de cristal con dúas follas móbiles e de apertura automática. A continuación 3 portas RF-60 de ancho 1.80 m e electroimáns e con apertura cara ao exterior do edificio.

**Usos:** Aulas, aulas de informática, despacho, almacéns, aseos.

**Evacuación:**

Polos accesos e escaleiras indicadas no apartado de accesos.

**Instalacións:**

- Eléctrica Instalación encaixada ou en falso teito ou en canaleta.  
Iluminación a base de luminarias fluorescentes.  
A iluminación de emerxencia
- Contra Incendios Instalación de extintores de Po ABC e CO<sub>2</sub>. Instalación de B.I.E. de 25 mm e 20 m.  
Instalación de detección de incendios.

## PLANTA PRIMEIRA AMPLIACIÓN

**Uso de Planta:** Docente

**Ocupación máxima:** 317 persoas.

**Accesos:**

Dende o exterior

- Por S15 (fachada leste). Dispón de dúas portas, cada unha de elas de 2 follas e 1,60 m de ancho útil, equipada con barra antipánico e apertura cara ao exterior.

Dende a planta baixa de ampliación

-Pola escaleira E17 e un ascensor situado no vestíbulo norte.

**Usos:** Aulas, almacéns, aseos xenerais de planta, distribuidor.

**Evacuación:**

Na planta Primeira directamente ao exterior do edificio pola porta S15, con dúas portas de 1.60 m de ancho, de dúas follas, con barra antipánico e apertura cara ao exterior do edificio.

Cara á planta baixa polas escaleiras indicadas no apartado de accesos.

**Instalacións:**

- Eléctrica Instalación encaixada ou en falso teito ou en canaleta.  
Iluminación a base de luminarias fluorescentes.  
A iluminación de emerxencia
- Contra Incendios Instalación de extintores de Po ABC e CO<sub>2</sub>. Instalación de B.I.E. de 25 mm e 20 m.  
Instalación de detección de incendios.

## SALA DE CALDEIRAS (incluido vestíbulo previo)

<b><u>Ocupación:</u></b>	Nula.
<b><u>Situación:</u></b>	Planta baixa de ampliación, zona norte.
<b><u>Accesos:</u></b>	Dende o corredor central da planta a través dunha porta RF de 2 follas, de 1.60 m de ancho e apertura cara ao corredor, a vestíbulo previo e porta RF 60 de dúas follas, de 1.60 m de ancho e apertura cara a vestíbulo.
<b><u>Usos:</u></b>	Sala de Caldeiras de gas ciudad.
<b><u>Evacuación:</u></b>	Pola porta de acceso indicada anteriormente.
<b><u>Instalacións:</u></b>	
- Eléctrica	Instalación encaixada, grampada ou en canaleta. Iluminación a base de luminarias fluorescentes. Iluminación de emerxencia na sala, pero non no vestíbulo.  A sala de caldeiras dispón de 3 caldeiras -2 uds de Caldeira marca ROCHA, modelo Presomatic 100GO, con potencia entre 533 e 1.184 Kw para o edificio central (vello e novo) -1 uds de Caldeira marca ROCHA, modelo CPA-250, con potencia calorífica de 250. 000 Kcal/h para a ampliación
- Contra Incendios	Instalación de extintores manuais. Instalación de detección de incendios.
- Ventilación	Sistema de ventilación forzada

## LOCAL XARDINERÍA

<b><u>Ocupación:</u></b>	Nula.
<b><u>Situación:</u></b>	Entreplanta inferior, zona norte.
<b><u>Accesos:</u></b>	Directamente dende o exterior por unha porta de 0.80 m de ancho.
<b><u>Usos:</u></b>	Local almacenamento material e ferramentas xardinería.
<b><u>Evacuación:</u></b>	Pola porta de acceso indicada anteriormente.
<b><u>Instalacións:</u></b>	
- Eléctrica	Instalación encaixada, grampada ou en canaleta. Iluminación a base de luminarias fluorescentes. Iluminación de emerxencia.
- Contra Incendios	Sen datos
- Ventilación	Sistema de ventilación forzada

## ZONA CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E ARMARIOS XERAIS ELECTRICOS

**Ocupación:** Nula.

**Accesos:**

Ao local do TRAFO:

- Dende o exterior, a través dunha porta metálica de reixa de 2 follas de 1.80 m de ancho e apertura cara ao exterior.
- Dende o local de cadro xeral, a través dunha porta RF 60 de dúas follas de 1.80 m de ancho e apertura cara a este local.

Ao local do Armario Xeral Eléctrico:

- Dende o vestíbulo, a través dunha porta RF-60 de 2 follas de 0,80m de ancho útil cada unha, con apertura cara ao exterior.

**Usos:** Transformación de enerxía eléctrica de Alta a Baixa Tensión, mediante TRAFO de 500 kVA, para alimentación a todo o edificio, e armario xeral eléctrico de iluminación e forza para a ampliación.

**Evacuación:** Polas portas indicadas no apartado de accesos

**Instalacións:**

- Eléctrica Instalación grampada.  
Iluminación a base de luminarias fluorescentes.
- Contra Incendios Extintor de Po ABC e CO<sub>2</sub>. Instalación de detección de incendios.
- Ventilación A través de reixas das portas de acceso dende o exterior.



## GRUPO ELECTRÓXENO

**Ocupación:** Nula.

**Accesos:**

- Dende o exterior, a través dunha porta metálica de reixa de 2 follas de 1.80 m de ancho e apertura cara ao exterior.
- Dende o local de cadro xeral, a través dunha porta RF 60 de dúas follas de 1.80 m de ancho e apertura cara a este local.

**Usos:**

Fonte propia de enerxía de 275 kVA que entra en funcionamento ao producirse a falta de tensión nos circuitos alimentados pola empresa distribuidora de enerxía eléctrica, ou cando aquela tensión descenda por debaixo do 70% do seu valor nominal.

**Evacuación:**

Polas portas indicadas no apartado de accesos

**Instalacións:**

- Eléctrica Instalación grampada.  
Iluminación a base de luminarias fluorescentes.
- Contra Incendios Extintor de CO<sub>2</sub>. Instalación de detección de incendios.
- Ventilación A través de reixas das portas de acceso dende o exterior.

---

## **2.3 Características Construtivas, Instalacións, e Condicións Xerais do Deseño Arquitectónico.**

### **CARACTERISTICAS CONSTRUTIVAS**

Son as seguintes:

- Estrutura de formigón armado.
- Cerramento exterior a base de dobre fabrica de ladrillo con cámara de aire, de RF-180 mínima.
- Sen revestimento exterior, formigón visto.
- Revestimento interior con pintura ao tempero e plástica.
- Carpintaría exterior de aluminio anodizado.
- Carpintaría interior de madeira.
- Pavimentos: terrazo en zonas xerais, pav. continuo (tipo Sintasol) en aulas.
- No edificio de ampliación corredores e aulas de pavimento continuo (tipo Sintasol)
- Divisións interiores con tabique de ladrillo oco, acabados con pintura ao tempero ou plástica.
- Zonas húmidas (aseos, cuartos de limpeza) con azulexados en paredes.

### **INSTALACION ELECTRICA**

En cada unha das plantas do Edificio Xeral e zona nova, existe de un a tres cadros xeral de iluminación e forza (tres en plantas 1ª, 2ª e 3ª), dende o que se alimenta aos subcadros instalados dentro dos locais e ao resto da planta.

No Edificio da Ampliación, existe un cadro xeral en cada planta dende o que se alimenta aos subcadros instalados dentro dos locais e ao resto da planta.

Actualmente, os cadros eléctricos xerais do edificio xeral e a zona nova atópanse nun local da Planta Baixa do Edificio da Ampliación, ao lado do local onde se atopa o centro de transformación cun trafo en aceite trifásico de 500 KVA relación de transformación 20kV 380/ 220 V coas celas de medida e distribución correspondentes que cobre a totalidade das instalacións da facultade.

O Grupo Electrónico sitúase nun local da Planta Baixa do Edificio da Ampliación. A potencia do grupo electrónico é de 275 KVA e alimenta a iluminación de emerxencia de todo o centro e parte da iluminación xeral.

Existen tres SAIs situados na planta baixa de edificio xeral (servizos de enerxía ininterrompida) os cales sería recomendable dende o punto de vista da seguridade que se manteñan en bo estado de funcionamento, dado o importante número de estudantes matriculados nesta facultade.

## **INSTALACION DE ILUMINACIÓN DE EMERXENCIA E SEÑALIZACION**

En todas as plantas se dispón de aparatos autónomos de iluminación de emerxencia, instalados próximos ás saídas, en corredor e enriba dos cadros eléctrico de iluminación e forza de cada planta, se ben nalgúns casos, o seu número resulta insuficiente no edificio xeral. En ambos os dous edificios a instalación é totalmente independente da iluminación normal.

## **INSTALACION DE CALEFACCION**

Na planta baixa da ampliación, nun local, atópanse as caldeiras, de onde sale a rede de canalizacións para todas as plantas e as características da cales son:

-2 uds de Caldeira marca ROCHA, modelo Presomatic 100GO, con potencia entre 533 e 1.184 Kw para o edificio central (vello e novo).

-1 uds de Caldeira marca ROCHA, modelo CPA-250, con potencia calorífica de 250.000 Kcal/h para a ampliación.

As caldeiras utilizan gas cidade.

## **INSTALACION DE AUGA CORRENTE**

No Semisótano atópase a acometida de auga, a rede de distribución da cal é de aceiro galvanizado, salvo pequenas excepcións con cobre ou PVC.

## **INSTALACION DE GAS**

Na fachada Norte atópase a acometida de gas propano para a cafetería.

## **INSTALACIÓNS DE PROTECCION CONTRA INCENDIOS**

Dispone dos seguintes medios de protección contra incendios:

-Extintores de po ABC e de CO<sub>2</sub>.

-Bocas de Incendio (BIE) semirixida 25/20 m en todas as plantas.

-Detección de incendios, a partir de detectores iónicos de fumes, óptico-térmico analóxico e térmico-termovelocimétrico, interruptores e sirenas de alarma, en todas as plantas.

## **CONTROL DE ACCESOS**

No edificio xeral dispone dun sistema de control de accesos nas portas e na ampliación dispone de detectores de presenza que cobren todas as dependencias. A central deste sistema atópase na Conserxaría.

O Control de tarxetas está situado na porta S2 (ao lado de S1, entrada principal); na fachada norte.

## **INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN**

Na terraza da Biblioteca atópase a maquinaria do aire acondicionado para as Aulas A, B, C e para a Biblioteca; a devandita instalación ten o mantemento contratado.

O Decanato, Salga de Xuntas e Salón de Graos ten equipos o motor das cales se atopa no Salón de Graos.

A Aula 8 ten un equipo independente.

O edificio da ampliación dispón dun sistema de renovación de aire mediante equipos de extracción independentes en cada aula.

Para os corredores da Planta Baixa dispónse dun sistema de ventilación forzada mediante ventiladores situados en cuberta.

## **INSTALACIÓN DE VOZ E DATOS**

Dispónse dunha rede de voz e datos mediante armarios RACK distribuídos do seguinte xeito:

- Un equipo na planta terceira no novo despacho de contabilidade (ao lado 339).
- Un equipo na segunda planta, seminario de Historia (237).
- Na planta baixa atópanse dous armarios nas proximidades das escaleiras de acceso á zona de departamentos e un terceiro dentro das aulas de informática.
- Na entreplanta inferior atópase nos cuartos en fronte ás aulas 9 e17.
- No edificio da ampliación atópanse no local que hai baixo as escaleiras que unen a planta baixa coa primeira.

## 2.2.1. ELEMENTOS DE COMUNICACIÓN VERTICAL

### Escaleiras

- E1: escaleira de aproximadamente 1.20 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coa terceira de departamentos da zona antiga.
- E2: escaleira de aproximadamente 1.20 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coa terceira de departamentos da zona nova.
- E3: escaleira de emerxencia exterior de 1,05 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coas plantas primeira, segunda e terceira.
- E4: escaleira interior da biblioteca que comunica a planta baixa co nivel inferior (depósito de libros). É de uso exclusivo para o persoal da biblioteca.
- E5: escaleira de 1.20 m de ancho útil que comunica a planta baixa coa semisótano na zona de biblioteca. Están situadas no patio central da biblioteca.
- E6: escaleira de acceso ao Decanato.
- E7: escaleira de aproximadamente 2.30 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coa entreplanta superior (zona de Salón de Graos).
- E8: escaleira de aproximadamente 2.30 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coa entreplanta inferior.
- E9: escaleira de aproximadamente 2.30 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coa entreplanta inferior.
- E10: escaleira de aproximadamente 2.30 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coa entreplanta superior (zona de Salón de Graos).
- E11: escaleira de aproximadamente 2.30 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coa entreplanta superior (zona aulas 3-6).
- E12: escaleira de aproximadamente 2.30 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coa entreplanta inferior.
- E13: escaleira de aproximadamente 2.30 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coa entreplanta inferior.
- E14: escaleira de aproximadamente 2.30 m de ancho útil, que comunica a planta baixa coa entreplanta superior (zona aulas 3-6). Nesta escaleira o ancho útil redúcese a aproximadamente a 2.15 m debido a que hai instalada unha silla salvaescaleiras.
- E15: escaleira de aproximadamente 1.67 m de ancho útil, que comunica a entreplanta inferior có semisoto (e planta baixa ampliación).
- E16: escaleira de aproximadamente 1.67 m de ancho útil, que comunica a entreplanta inferior có semisoto (e planta baixa ampliación).
- E17: escaleira de 2.20 m de ancho útil que comunica a planta baixa de ampliación coa primeira da ampliación.

## **Saídas**

### PLANTA BAIXA

- **S1:** portas de 2 follas con ancho útil 1,95m, con apertura cara ao exterior do edificio e un vestíbulo previo con dúas portas corredizas controladas por unha célula fotoeléctrica
- **S2:** porta de 2 follas con barra antipánico e ancho útil 1,78m, e apertura cara ao exterior.
- **S3:** Saída de emerxencia situada na Aula 7. Porta con barra antipánico e apertura cara ao exterior.
- **S4:** Saída de emerxencia situada na Aula 8. Porta con barra antipánico e apertura cara ao exterior.
- **S5:** Saída de escaleiras exteriores de emerxencia en planta baixa. Porta metálica con barra antipánico e apertura cara ao exterior.
- **S6:** Saída en planta baixa fachada sur. Dispón de porta de dúas follas e ancho 1.90 m, con barra antipánico e apertura cara ao exterior. Esta porta está precedida por un corredor con rampla e unha porta automática de cristal de 4 follas, sendo dous de elas móbiles e deixando un ancho de paso de aproximadamente 1.25 m.
- **S7:** Saída de emerxencia situada na planta baixa da biblioteca (nivel superior). A porta é de dúas follas, con barra antipánico, apertura cara ao exterior e un ancho de 192 cm. Esta saída está precedida por un vestíbulo con porta de similares características.
- **S8:** Porta de 73 cm e unha folla que abre cara ao interior do edificio. Só se abre con chave e é de uso exclusivo para o persoal da biblioteca.

### PLANTAS PRIMEIRA, SEGUNDA E TERCEIRA

- **S9:** Saída planta 1, na fachada sur que leva as escaleiras de emerxencia exteriores. Porta de 0.95 m de dúas follas é só unha de elas móbil que mide 0.66 m, dispón de barra antipánico e apertura cara ao exterior.
- **S10:** Saída planta 2, na fachada sur que leva as escaleiras de emerxencia exteriores. Porta de 0.95 m de dúas follas é só unha de elas móbil que mide 0.66 m, dispón de barra antipánico e apertura cara ao exterior.
- **S11:** Saída planta 3, na fachada sur que leva as escaleiras de emerxencia exteriores. Porta de 0.95 m de dúas follas é só unha de elas móbil que mide 0.66 m, dispón de barra antipánico e apertura cara ao exterior.

### PLANTA BAIXA AMPLIACIÓN

- **S12:** Saída norte. Dispón de dúas portas, cada unha de elas de 2 follas e 1,60 m de ancho útil, equipada con barra antipático e apertura cara ao exterior. Esta saída está precedida por un vestíbulo con 3 portas RF-60 de ancho 1.80 m e retores electromagnéticos.

- **S13:** saída oeste. Dispón de tres portas, cada unha de elas de 2 follas e 1,60 m de ancho útil, equipada con barra antipánico e apertura cara ao exterior. Esta saída está precedida por un vestíbulo con unha porta de cristal de 4 follas sendo as dúas centrais móbiles e de apertura automática.
- **S14:** saída er biblioteca. Porta con barra antipánico e apertura cara ao exterior.

#### PLANTA PRIMEIRA AMPLIACIÓN

- **S15:** saída en fachada leste. Dispón de dúas portas, cada unha de elas de 2 follas e 1,60 m de ancho útil, equipada con barra antipánico e apertura cara ao exterior.

Ademais o vestíbulo que une o semisoto coa planta baixa de ampliación conta con 4 portas de dobre folla e RF-60, con barra antipánico e con un ancho de 1.80 m cada unha. As portas dispoñen de retedores electromagnéticos e a súa apertura é cara a zona nova de ampliación (sentido evacuación).

O vestíbulo das escaleiras E17 conta con 3 portas RF-60 e ancho aproximado de 1.68 m.

#### **Ascensores**

Disponse de 5 ascensores e a continuación descríbese a súa situación e percorridos:

- Partindo de planta baixa próximo a E1 e co mesmo percorrido que a escaleira (de planta baixa a terceira).
- Partindo de planta baixa próximo a E2 e co mesmo percorrido que a escaleira (de planta baixa a terceira).
- Zona de biblioteca, próximo a E5, entre planta baixa e semisoto (de planta baixa ata os dous niveis inferiores).
- Zona entreplantas, próximo a E9, entre entreplanta superior e semisoto.
- Zona de ampliación, próximo ás saídas S12 (planta baixa) e S15 (planta primeira). Comunica a planta baixa de ampliación coa planta primeira de ampliación.

---

## **2.4 Clasificación e descrición dos usuarios**

- Alleas á Facultade
  - Circunstanciais
  - Permanencia prolongada
  
- Propias da FACULTADE
  - Alumnado
  - Tesinandos e Doctorandos
  - Bolseiros
  - De equipo
    - Catedráticos e profesores
    - P.A.S.
  
- Externos de axuda



---

## **2.5 Descrición do ámbito no que figura o Edificio FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS**

A orientación do edificio é:

- ao NORTE: Fachada Principal do EDIFICIO XERAL, cun acceso principal dende Av. Burgo das Nacións.
- ao OESTE: engadiuse a ampliación a fachada lateral da cal, limita con edificios da Rúa Pelamios e dispón dun soportal que discorre ao longo de toda a fachada que comunica ao norte co aparcamento da Facultade, e ao sur coa fachada posterior na que tamén se atopa un aparcamento. Nas súas proximidades tamén se atopan vivendas.
- ao LESTE: Fachada lateral, con vial perimetral de acceso a pavillón polideportivo do concello que tamén se usa de aparcamento e acceso de servizo a Cafetaría. Despois atópase a dársena de autocares de Xoan XXIII.
- ao SUR: Pavillón Lorenzo de la Torre.

O conxunto de riscos polo ámbito clasifícase como baixo.

---

## **2.6 Descrición dos accesos. Condicións de accesibilidade para a Axuda Externa**

### *2.6.1. Vías de acceso*

O Edificio da FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, posúe unhas condicións de aproximación por rúas de tráfico rodado que permiten o acceso dos Servizos Públicos de Extinción de Incendios, para a súa intervención no caso dunha Emerxencia.

Non obstante, cabe mencionar os seguintes aspectos:

- Non existen nas proximidades do Edificio, nun radio de 100 m, instalacións potencialmente perigosas que poidan afectar ó interior do mesmo.
- Os accesos ao Edificio son aptos para a manobra e mais para ó estacionamento de vehículos de Axuda Exterior.
- A entrada ó interior do Edificio é perfectamente accesible.

O acceso ás instalacións realízase pola seguinte vía:

<b>Rúa / Vía</b>	<b>Tipo</b>	<b>Senso de circulación</b>
Avda. do Burgo das Nacións, s/n	<input checked="" type="checkbox"/> Peonil <input checked="" type="checkbox"/> Rodado <input type="checkbox"/> Radio de xiro	<input type="checkbox"/> Único <input checked="" type="checkbox"/> Dobre

O acceso a entrada principal do edificio (fachada norte) conta con un barreira de seguridade, polo que en caso de ser necesario o acceso de vehículos de Axuda Exterior, o persoal da Patrulla de Seguridade (Ilunion) e/ou o persoal de conserxaría serán os encargados de levantar a barreira.

O acceso para poder aproximarse ás fachadas leste e sur, poderíase facer a través do aparcamento do persoal (en principio poden pasar camións de mercancía para a cafetería), aínda que nalgún momento poderíase ver comprometido o paso de vehículos de emerxencias xa que o aparcamento dispón de plazas a ambos lados. Para acceder a esta zona sería necesario que o persoal da Patrulla de Seguridade (Ilunion) e/ou persoal de conserxaría levanten a barreira de seguridade.

Á fachada oeste é moi probable que non se poida acceder debido ao aparcamento de vehículos na rúa de acceso.

### 2.6.2. Condicións do ámbito do edificio

O edificio, posúe unhas condicións óptimas de aproximación que facilitan o acceso dos servizos de extinción de incendios externos, para a súa intervención, polas rúas que rodean o recinto.

### 2.6.3 Condicións de accesibilidade por fachada

A fachada principal deberá dispor de ocós que poidan permitir o acceso dende o exterior ao persoal do servizo de extinción de incendios. Os devanditos ocós deben cumprir as condicións seguintes:

- Para facilitar o acceso a cada unha das plantas do edificio, a altura do peitoril (parte inferior do marco das ventás) respecto do nivel da planta á que accede non será maior que 1,20 m.
- As súas dimensións horizontal e vertical serán, polo menos, 0,80 m e 1,20 m respectivamente. A distancia máxima entre os eixes verticais de dous ocós consecutivos non excederá de 25 m, medida sobre a fachada.

Todas as fachadas exteriores, permiten o acceso ao interior do edificio dos Servizos Externos, polos ocós de fachada existentes (ventás con carpintería metálica).

#### *2.6.4 Condicións de accesibilidade por fachada para persoas*

Co fin de facilitar o acceso e a utilización non discriminatoria, independente e segura por este inmovible ás persoas con discapacidade, cumpriranse as condicións funcionais e de dotación de elementos accesibles que se establecen no CTE DB-SUA (Sección SUA-9 Accesibilidade).

### *2.6.5 Medios exteriores de Protección*

Existe instalación de 2 hidrantes na praza existente entre ás fachadas leste e oeste do edificio. Ambos os dous hidrantes teñen UNHA saída de 100 mm. e DOUS de 70 mm.

Así mesmo, en varios puntos da fachada existe toma de alimentación para USO EXCLUSIVO DE BOMBEIROS.

---

## **Capítulo 3.**

---

### ***Inventario, análise e avaliación de riscos***

### **3.1 Elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poden dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de xeito desfavorable no seu desenvolvemento**

Respecto dos locais que poden considerarse con riscos especiais (art. 19 da CTE.CPI/96 ou CTE. Sección SE 2. Locais e zonas con risco especial) clasificáronse os seguintes:

PLANTA	LOCAL	RISCO
BAIXO CUBERTA (EDIFICIO VELLO)	SALA MAQUINARIA ASCENSOR (E1) *	BAIXO
BAIXO CUBERTA (EDIFICIO VELLO)	SALA MAQUINARIA ASCENSOR (E2) *	BAIXO
PLANTA BAIXA (EDIFICIO VELLO)	ALMACÉN	MEDIO
PLANTA BAIXA (EDIFICIO VELLO)	REPROGRAFÍA	BAIXO
ENTREPLANTA INFERIOR (NIVEL -1 BIBLIOTECA)	DEPÓSITO DE LIBROS.	ALTO
SEMISOTO (NIVEL -2) BIBLIOTECA)	DEPÓSITOS-HEMEROTECA ALMACÉN E	ALTO
SEMISOTO	SALA MÁQUINAS ASCENSOR (E9)	BAIXO
SEMISOTO	MAQUINARIA CLIMATIZACIÓN **	BAIXO
SEMISOTO/BAIXA AMPLIACIÓN	CADRO ELÉCTRICO XERAL VELLO – ALMACÉN ***	BAIXO
SEMISOTO/BAIXA AMPLIACIÓN	ALMACÉN (ao lado sala caldeiras)	MEDIO
SEMISOTO/BAIXA AMPLIACIÓN	SALA CALDEIRAS	ALTO
BAIXA AMPLIACIÓN	SALA MAQUINARIA ASCENSOR	BAIXO
BAIXA AMPLIACIÓN	GRUPO ELECTRÓXENO	BAIXO
BAIXA AMPLIACIÓN	SALA CUADRO XENERAL ELÉCTRICO	BAIXO
BAIXA AMPLIACIÓN	CENTRO DE TRANSFORMACIÓN	BAIXO

\* Na planta baixo cuberta da zona de despachos, atópanse as salas de maquinaria dos ascensores próximos ás escaleiras E1 e E2. Estes locais consideráanse de risco especial baixo, e non están representados nos planos por non dispoñer de eles.

\*\* Na parte posterior da Sala de Caldeiras atópase un soto de terra (zona sen acondicionar, non habitable) na que atopa a maquinaria da instalación de climatización, polo que se considera unha zona de risco especial baixo.

\*\*\* Aínda que o cadro eléctrico xeral antigo xa non funciona, considérase o local (incluído o vestíbulo que da acceso a él) de risco baixo debido a que pode haber almacenamento de diferentes materiais no mesmo.

---

## ***3.2 Identificación, análise e avaliación dos riscos propios da actividade e dos riscos externos que puidesen afectala***

### ***3.2.1 Identificación dos riscos***

Os riscos que poden desembocar nunha emerxencia nas instalacións poden ser, en principio, os seguintes.

- a. Accidente de traballo ou enfermidade con consecuencias graves.
- b. Intrusión e outros actos delituosos.
- c. Ameaza de bomba ou de sabotaxe.
- d. Explosión.
- e. Incendio.
- f. Axentes da natureza.
- g. Exposición a radiacións ionizantes

### ***3.2.2 Avaliación dos riscos***

#### *1. Valoración do risco de accidente ou enfermidade con consecuencias graves*

Os riscos relacionados cos accidentes de traballo están avaliados detalladamente no informe de Avaliación de Riscos do Centro, o cal se consultou para realizar a presente avaliación global.

Polo tanto, considerando que a probabilidade de accidente pode cualificarse como "Posible", segundo a escala de probabilidades da matriz de valoración de riscos, e considerando as consecuencias como "Leves".

<b>Probabilidade de materialización do risco</b>				
<i>Grao de severidade (Posibles Consecuencias)</i>	<i>Improbable (Extremadamente raro, non aconteceu ata agora)</i>	<i>Posible (É raro pero aconteceu nalgunha parte)</i>	<i>Probable (Non sería nada estraño, aconteceu nalgunhas ocasións)</i>	<i>Inevitable (é o resultado máis probable se se presenta a exposición, acontecerá a longo prazo)</i>
<i>Danos moi leves (Trastornos, molestias, fatiga, disconfort, insatisfacción)</i>	<b>IRRELEVANTE</b>	<b>MOI BAIXO</b>	<b>BAIXO</b>	<b>MEDIO</b>
<i>Lesión leve (Contusións, erosións, cortes superficiais, irritacións)</i>	<b>MOI BAIXO</b>	<b>BAIXO</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>
<i>Lesión grave (Laceracións, queimaduras, conmocións, fracturas menores, xordeira, dermatite, asma)</i>	<b>BAIXO</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>MOI ALTO</b>
<i>Lesión moi grave ou mortal (amputacións, intoxicacións, cancro)</i>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>MOI ALTO</b>	<b>EXTREMADAMENTE ALTO</b>

Obtense que o nivel global do risco de accidente con consecuencias leves será.

**BAIXO.**



## 2. Valoración do risco de intrusión e doutros actos delituosos

Condicións do centro de traballo.

<b>Condición</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Bens valiosos ou estratéxicos	X	
Valado e control de accesos	X	
Vixilancia nocturna	X	
Zona conflictiva		X
Casos anteriores		X

En función destes datos, o risco de intrusión ou doutros actos delituosos considérase:

**BAIXO**

## 3. Valoración do risco de ameaza de bomba ou de sabotaxe

Condicións do centro de traballo

<b>Condición</b>	<b>Sí</b>	<b>Non</b>
Bens estratéxicos	X	
Produtos perigosos		X
Conflitividade interna		X
Conflitividade externa		X
Valado e control de accesos	X	
Vixilancia nocturna	X	
Casos anteriores		X

En función destes datos, o risco de ameaza de bomba ou sabotaxe considérase:

**BAIXO**

## 4. Valoración do risco de explosión

Condicións do centro de traballo.

<b>Condición</b>	<b>Sí</b>	<b>Non</b>
¿Existen ATEX?		X
¿Manéxanse explosivos?		X
¿Hai risco de explosión por sobrepresións?	X	
¿Por outro tipo de instalación?	X	
Casos anteriores		X

En función destes datos, o risco de explosión considérase:

**BAIXO**

### **5. Valoración do risco de incendio**

De acordo co establecido na Guía para o desenvolvemento do Plan de Emerxencia contra Incendios e de Evacuación nos Locais e Edifícios, publicado no BOE do 26 de febreiro de 1985, as instalacións do centro de traballo do EDIFICIO FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS poden clasificarse como de uso:

#### **DOCENTE**

### **6. Valoración do risco dunha situación de emerxencia causada por Axentes da Natureza**

- ❖ **Terremotos:**  
A ubicación xeográfica do FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS fai difícil que se dé unha situación de emerxencia producida por un terremoto.
- ❖ **Nevadas:**  
Pola ubicación do FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, considérase un risco baixo a situación de emerxencia producida polos efectos da neve.
- ❖ **Inundacións:**  
A posibilidade de inundacións das instalacións produciríase por choiva, xa que non existe ningún río próximo as instalacións que poida provocar risco por desbordamento.
- ❖ **Ventos:**  
No caso de temporais fortes de vento, poderíase ver danada a instalación.

En función destes datos, o risco dunha situación de emerxencia causada por axentes da natureza considérase: **BAIXO**.

### **3.3 Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas tanto afectas á actividade como alleas a esta que teñan acceso aos edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade**

Debido a actividade desenvolta na Facultade, resulta moi complexo establecer uns niveis de ocupacións reais para as diferentes franxas horarias.

O acceso as diferentes dependencias, realizase segundo o seguinte esquema:

<b>PERSONAL</b>	<b>FRANXA HORARIA</b>	<b>ACCESOS</b>
Alumnos	Horario habitual de apertura do Centro de 08:30 a 21:30 en inverno e de 9:00 a 21:00 en verán.	Acceso libre a todas as dependencias do Centro
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Non acceden
Docentes con despacho na Facultade	Horario habitual de apertura do Centro de 08:30 a 21:30 en inverno e de 9:00 a 21:00 en verán.	Acceso libre a todas as dependencias do Centro
	Fora do horario habitual de apertura do Centro (festivos e fins de semana de 10:00 a 22:00 h)	Poden acceder ao seu despacho
Docentes externos a Facultade	Horario habitual de apertura do Centro de 08:30 a 21:30 en inverno e de 9:00 a 21:00 en verán.	Acceso libre a todas as dependencias do Centro
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Acceden co permiso da Dirección as dependencias solicitadas. O Servizo de Vixiancia e o encargado de abrir as dependencias.
Persoal externo en Actividades Formativas	Horario habitual de apertura do Centro de 08:30 a 21:30 en inverno e de 9:00 a 21:00 en verán.	Acceden co permiso da Dirección as dependencias solicitadas pero o acceso as demais dependencias está libre
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Acceden co permiso da Dirección as dependencias solicitadas.
Persoal de Servicios	Horario habitual de apertura do Centro de 08:30 a 21:30 en inverno e de 9:00 a 21:00 en verán.	Acceso libre a todas as dependencias do Centro.
	Fora do horario habitual de apertura do Centro	Non acceden

Ao centro pode acceder profesorado para impartir clases, pero que non ten despacho no centro.

O horario habitual en que hai persoal de conserxaría é de 7:45 a 22:00 h, pero entre as 7:30 e 22:30 h xa pode haber xente no centro.

O persoal de limpeza, pertencente a empresa Fundación USC está no centro entre as 7:00 e 22:00 h, e o persoal de Seguridade (Ilunion) encárgase de conectar/desconectar a alarma antes de que entren e tras a súa saída.

O centro abre de luns a venres de 8:30 a 21:30 en inverno e de 9:00 a 21:00 h en verán. Os fins de semana está pechado.

Fora do horario de apertura o centro queda vixiado pola Patrulla de Seguridade do Campus.

Empresas externas que están de forma permanente na Facultade de Económicas e Empresariais son a empresa de limpeza (Fundación USC), con 8 traballadores (5 de mañán e 3 de tarde) e a empresa de cafetería con 4 traballadores.

Tomaranse valores de densidade de ocupación segundo a NBE-CPI/96; nas zonas que non estean citados tomaranse valores asimilables.

Recintos ou Zonas DENSIDADE ELEVADA (aplicarase á superficie útil) segundo Art. 6.1:

- Unha persoa por cada 1,0 m<sup>2</sup>, en Cafetería.
- Unha persoa por cada 1,5 m<sup>2</sup>, nas Aulas, Seminarios e Laboratorios (aulas).
- Unha persoa por cada 2,0 m<sup>2</sup>, na Sala de Lectura.
- Unha persoa por cada asento en Salón de Graos.

Zonas BAIXA DENSIDADE (aplícase á sup. construída) segundo Art. 6.2:

- Unha persoa por cada 10 m<sup>2</sup>, en Despachos.
- Unha persoa por cada 10 m<sup>2</sup>, en Centros Docentes.
- Unha persoa por cada 40 m<sup>2</sup>, en Arquivos e Almacéns.

Zonas OCUPACION NULA, segundo 6.2: son as accesibles para os efectos de Reparacións ou Mantemento e aquelas o uso das cales implique, só ocupación ocasional.

Segundo o establecido no art. 6º da CTE-CPI/96, a ocupación máxima permitida nas instalacións da FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS sería a seguinte:

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN
PLANTA 3ª (zona antiga)	Despacho 347	11,67	10	1
	D. 345	13,07	10	1
	D. 343	12,60	10	1
	D. 341	12,71	10	1
	D. 339	-	10	1
	Local Comunicaciones	-	Nula	0
	D. 337 e 335	25,81	10	2
	D. 333	12,19	10	1
	D. 331	11,78	10	1
	D. 329 e 327	26,20	10	3
	D. 325 e 323	25,31	10	2
	D. 321	12,13	10	1
	D. 319	12,53	10	1
	D. 317B	5,89	10	1
	D. 317A	11,29	10	1
	D. 315	11,80	10	1
	D. 313	13,06	10	1
	D. 311	12,07	10	1
	D. 309	12,83	10	1
	D. 307 e 305	25,63	10	2
	D. 303	11,68	10	1
	D. 301	18,33	10	2
	Seminario 302	34,65	1,5	23
	D. 304	13,31	10	1
	D. 306	17,60	10	2
	D. 308	18,61	10	2
	Aseo	10,48	3	3
	Aseo	11,6	3	4
	D. 310	17,72	10	2
	D. 312	17,66	10	2
	D. 314	17,97	10	2
	D. 316	17,87	10	2
	Seminario 318	17,31	1,5	11
	D. 320	17,46	10	2
	D. 322	19,01	10	2
	D. 324	17,35	10	2
	D. 326	35,33	10	3
	D. 328	18,51	10	2
	Seminario 330	35,11	1,5	23
	D. 332	17,90	10	2
	D. 334	18,31	10	2
	Aseo	10,48	3	1
Aseo	11,38	3	1	
				<b>121</b>

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN
PLANTA 3ª (zona nova despachos)	Seminario 336	23,15	1,5	15
	Despacho 338	10,79	10	1
	D. 340	10,39	10	1
	D. 342	10,83	10	1
	D. 344	10,65	10	1
	D. 346	10,62	10	1
	D. 348	10,54	10	1
	D. 350	10,73	10	1
	D. 352	10,80	10	1
	D. 367	10,83	10	1
	D. 365	10,76	10	1
	D. 363	10,57	10	1
	D. 361	10,65	10	1
	D. 359	10,68	10	1
	D. 357	10,86	10	1
	D. 355	10,41	10	1
	D. 353	10,82	10	1
	D. 351	10,71	10	1
D. 349	12,05	10	1	
				<b>33</b>

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN
PLANTA 2ª (zona antiga)	Despacho 245	11,67	10	1
	D. 243	13,07	10	1
	D. 241	12,60	10	1
	D. 239	12,71	10	1
	Seminario 237	25,12	1,5	17
	D. 235	25,76	10	2
	D. 233 e 231	24,58	10	2
	D. 229	17,43	10	2
	D. 227	14,02	10	1
	D. 225	12,09	10	1
	D. 223	12,80	10	1
	D. 221	12,13	10	1
	D. 219	12,53	10	1
	D. 217	11,52	10	1
	D. 215	12,82	10	1
	D. 213	11,80	10	1
	D. 211	13,06	10	1
	D. 209	12,07	10	1
	D. 207	12,83	10	1
	D. 205	25,63	10	2
	D. 203	11,68	10	1
	D. 201	18,02	10	1
	Seminario 202	34,65	1,5	23
	D. 204	13,31	10	1
	D. 206	17,60	10	2
	D. 208	18,61	10	2
	Aseo	10,48	3	3
	Aseo	11,60	3	4
	D. 210	17,72	10	2
	D. 212	17,66	10	2
	D. 214	17,97	10	2
	D. 216	17,86	10	2
	D. 218	17,51	10	2
	D. 220	12,64	10	1
	D. 222	36,91	10	4
	D. 224	17,38	10	2
	D. 226	17,34	10	2
	D. 228	18,41	10	2
	D. 230	17,69	10	2
	D. 232	18,28	10	2
	D. 234	17,89	10	2
D. 236	18,30	10	2	
Aseo	10,48	3	3	
Aseo	11,38	3	4	
				<b>113</b>

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN
PLANTA 2ª (zona nova despachos)	Aula 33	34,31	1,5	23
	Aula 34	34,40	1,5	23
	Despacho 238	10,39	10	1
	D. 240	10,83	10	1
	D. 242	10,65	10	1
	D. 244	10,62	10	1
	D. 246	10,54	10	1
	D. 248	10,73	10	1
	D. 250	10,80	10	1
	D. 259	10,83	10	1
	D. 257	10,76	10	1
	D. 255	10,57	10	1
	D. 253	10,65	10	1
	D. 251	10,68	10	1
	D. 249	10,86	10	1
	D. 247	10,41	10	1
				<b>60</b>



PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN
PLANTA 1ª (zona antiga)	Despacho 145	11,67	10	1
	D. 143	13,07	10	1
	D. 141	12,60	10	1
	D. 139	12,71	10	1
	D. 137	12,60	10	1
	D. 135	12,48	10	1
	D. 133	25,76	10	2
	D. 131	12,88	10	1
	D. 129	17,37	10	2
	D. 127	17,38	10	2
	D. 125	14,06	10	1
	D. 123	25,31	10	2
	D. 121	12,13	10	1
	D. 119	12,53	10	1
	D. 117	12,33	10	1
	D.115	12,01	10	1
	D. 113	12,04	10	1
	D. 111	13,32	10	1
	D. 109	12,32	10	1
	D. 107	13,09	10	1
	D. 105	26,16	10	3
	D. 103	13,31	10	1
	D. 101	13,83	10	1
	D. 102	15,98	10	1
	D. 104	13,52	10	1
	D. 106	13,31	10	1
	D. 108	17,60	10	2
	D. 110	18,61	10	2
	Aseo	10,48	3	3
	Aseo	11,6	3	4
	D. 112	17,72	10	2
	D. 114	17,66	10	2
	D. 116	17,97	10	2
	D. 118	17,86	10	2
	D. 120	18,02	10	2
	D. 122	12,64	10	1
D. 124 e 126	36,91	10	4	
Seminario 128	35,41	1,5	24	
D. 130	13,35	10	1	
D. 132	16,32	10	2	
D. 134	18,28	10	2	
D. 136	17,89	10	2	
D. 138	18,03	10	2	
Aseo	10,48	3	3	
Aseo	11,38	3	4	
				<b>98</b>

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN
PLANTA 1ª (zona nova despachos)	Aula 31	34,31	1,5	23
	D. 140	10,39	10	1
	D. 142	10,83	10	1
	D. 144	10,65	10	1
	D. 146	10,62	10	1
	D. 148	10,54	10	1
	D. 150	10,73	10	1
	D. 152	10,80	10	1
	D. 159	10,83	10	1
	D. 157	10,76	10	1
	D. 155	10,57	10	1
	D. 153	10,65	10	1
	D. 151	10,68	10	1
	D. 149	10,86	10	1
	D. 147	10,41	10	1
	Aula 32	34,40	1,5	23

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN
PLANTA BAIXA (zona antiga)	Local antigo banco (almacén)	19,32	40	0
	Unidade administrativa	150,66	10	15
	D. Responsable	11,21	10	1
	Asuntos Económicos			
	Sala reunións	11,68	2	6
	Almacén/Arquivo	11,80	40	0
	Armario	12,45	Nula	0
	Comunicacións			
	Aseo	6,20	3	2
	Vestíbulo principal	267,90	2	134
	Conserxería	38,30	10	4
	Cafetería	240	1,5	160**
	Cafetería (cociña, instalacións de servizo)	50	10	5**
	Aseos femininos	27,30	3	9
	Aseos masculinos+discap.	34,20	3	11
	Sala traballo	72,51	5	14
	Informática			
	Sala traballo	74,44	5	15
	Informática			
	Almacén	82,22	40	2
	Sala traballo 1	12,50	5	2
	Sala traballo 2	11,30	5	2
	Sala traballo 3	12,30	5	2
	Aula 7	152,60	1,5	102
	Aula 8	152,60	1,5	102
	Reprografía	35,90	5	7
	Aula A	414,80	1,5	276
	Aula B	250,70	1,5	167
	Aula C	250,70	1,5	167
	Acceso Decanato	43,10	2	21
Almacén Decanato	6,10	40	0	
BB-Despacho	35,80	10	3	
BB-Despacho	11,20	10	1	
BB-Despacho	10,10	10	1	
BB-Atención público (zona persoal USC)	60	10	6***	
BB-Atención público (zona pública)	30	2	15***	
BB-Sala de lectura	466,30	2	233	
				<b>1485</b>

\*\*As superficies utilizadas para o cálculo da ocupación na cafetería e a súas dependencias son aproximadas xa que non se dispón de datos concretos da superficie.

\*\*\*Para o cálculo da ocupación da zona de atención ao público, ao non ter datos da superficie exacta que ocupa a zona de persoal, estimouse unha superficie aproximada sobre plano. O mesmo para o espazo de espera do público.

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN
ENTREPLANTA SUPERIOR	Calidade	18,61	10	2
	Vicedecanato	17,53	10	2
	Secretaría	17,33	10	2
	Decanato	37,01	10	4
	Sala Xuntas	76	2	38
	Salón de Graos	109,20	1 p/asiento	87+5
	Aula 1	54,60	1,5	36
	Aula 2	54,60	1,5	36
	Aula 3	54,60	1,5	36
	Aula 4	54,60	1,5	36
	Aula 5	54,60	1,5	36
	Aula 6	54,60	1,5	36

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN	
ENTREPLANTA INFERIOR	Vestuario limp.fem.	13	3	4	
	Aula 20	165,56	1,5	110	
	Aula 19	47,97	1,5	32	
	Aula 18	55,74	1,5	37	
	Aula 17	52,87	1,5	35	
	Aula 16	54,37	1,5	36	
	Aula 15	53,36	1,5	35	
	Aula 14	52,05	1,5	35	
	Aseos discap.	4,70	3	1	
	Aseos homes	47,97	3	16	
	Aseos mulleres	46,70	3	16	
	Almacén limpeza	4,82	40	0	
	Aula 13	54,49	1,5	36	
	Aula 12	54,41	1,5	36	
	Aula 11	54,60	1,5	36	
	Aula 10	53,18	1,5	35	
	Aula 9	77,80	1,5	52	
	Sala Wifi-Locais estudantes	53,96	10	5	
	Asociación estudantes	17,30	10	2	
	Asociación estudantes	16,73	10	2	
	Asociación estudantes	17,03	10	2	
	Asociación estudantes	Sin información	10	2**	
	Asociación estudantes	Sin información	10	2**	
	Almacén	Sin información	40	0	
	Local xardinería	Sin información	Nula	0	
	Armario comunicacións	7,28	Nula	0	
	BB-Depósito de libros	402	40	10	
	BB-Aseos	22,14	3	7	
					<b>584</b>

\*\*Non se dispón da superficie de algún locais de estudantes, pero como asemellan ter superficies parecidas aos outros, estímase unha ocupación similar.

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN
SEMISOTO E PLANTA BAIXA AMPLIACIÓN	Sala máquinas ascensor	10,28	Nula	0
	Almacén	8,60	40	0
	Almacén (antigo cadro elect. xeral)	48,86	40	1
	Aula Informática 6	83,58	1,5	56
	Aula Informática 5	47,38	1,5	31
	Aula Informática 4	70,69	1,5	55
	Aula informática 3	82,79	1,5	55
	Aula Informática 2	46,83	1,5	31
	Aula Informática 1	65,29	1,5	43
	Almacén	80,98	40	2
	Almacén cafetería	13,78	40	0
	Sala caldeiras	76,99	Nula	0
	Sala máquinas ascensor	6,35	Nula	0
	Aula 27	70,42	1 p/asiento	47
	Aula 26	86,24	1 p/asiento	57
	Aula 25	70,42	1 p/asiento	47
	Aula 24	86,24	1 p/asiento	57
	Aula 23	70,42	1 p/asiento	47
	Aula 22	85,94	1 p/asiento	57
	Aseo homes	17,34	3	6
	Aseo discapacitados	4,41	3	1
	Aseo mulleres	18,05	3	6
	Aula 21	69,91	1 p/asiento	47
	Aula Informática 7	62,57	1,5	42
	Despacho Técnico Inf.	13,46	10	1
	Vestuario limpeza masculino	15,16	3	5
	Salas instalacións (cadro xeral, C.T., grupo electr.)	62,22	Nula	0
	BB-Depósito hemeroteca	201,53	40	5
	BB-Depósito hemeroteca	162,36	40	4
	Almacén	144,05	40	4
				<b>707</b>

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	DENSIDADE OCUPACIÓN (m <sup>2</sup> /persona)	OCUPACIÓN
PLANTA PRIMEIRA AMPLIACIÓN	Aseos masculinos	13,47	3	4
	Aseo discapac.	4,72	3	1
	Aseos femininos	27,47	3	9
	Aula 28	151,48	1,5	101
	Aula 29	151,48	1,5	101
	Aula 30	151,48	1,5	101
	Almacén	6,50	40	0
	Almacén	6,50	40	0
				<b>317</b>

\*Nalgunhas aulas a ocupación real non cumpre coa normativa de aplicación, sendo máis alta que a ocupación teórica. As aulas afectadas son: 7, 8, A, B, C, 21, 22, 24, 26, 28, 29 e 30.

Segundo datos obtidos na web da USC (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-ciencias-economicas-empresariales/equipamientos>), a ocupación real de estas aulas reflíctese na táboa seguinte:

PLANTA	ACTIVIDADE	POSTOS FIXOS	OCUPACIÓN REAL	OCUPACIÓN TEÓRICA
PLANTA BAIXA PRINCIPAL	Aula A	Si	504+5	276
	Aula B	Si	285+3	167
	Aula C	Si	304+3	167
	Aula 7	Si	144+1	102
	Aula 8	Si	145+1	102
SEMISOTO	Aula 21	Si	60+1	47
	Aula 22	Si	75+1	57
	Aula 23	Si	45+1	47
	Aula 24	Si	82+1	57
	Aula 25	Si	45+1	47
	Aula 26	Si	82+1	57
	Aula 27	Si	45+1	47
PLANTA PRIMEIRA AMPLIACIÓN	Aula 28	Si	140+1	101
	Aula 29	Si	140+1	101
	Aula 30	Si	140+1	101

---

## **Capítulo 4**

---

### **Medidas e Medios de Autoprotección**

## **4.1 Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, que dispón a entidade para controlar os riscos detectados, afrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos servizos externos de emerxencias**

Neste apartado recóllese os medios existentes nas instalacións da FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS obxecto deste Plan, á data de redacción do presente Plan.

O seu detalle é o seguinte.

### **4.1.1 Medios Técnicos para a Detección e Extinción de Incendios**

#### **a. Extintores**

Planta	Axente extintor	Localización
BAIXO CUBERTA* (zona antiga)	CO <sub>2</sub> -5Kg	Relanzo escaleira E1 (próximo a acceso sala maquinaria ascensor)
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Relanzo escaleira E2 (próximo a acceso sala maquinaria ascensor)

\*Non representados na planimetría ao non dispoñer de planos de esa planta.

Planta	Axente extintor	Localización
PLANTA 3ª (zona antiga)	CO <sub>2</sub> -5Kg	Próximo a despacho 304
	PO-6Kg	Próximo a despacho 306
	PO-6Kg	Próximo a despacho 317B
	PO-6Kg	Próximo a despachos 320 e 322
	CO <sub>2</sub> -2Kg	Próximo a despacho 337
PLANTA 3ª (zona nova)	PO-6Kg	Próximo a despacho 337
	PO-6Kg	Próximo a despachos 338 e 340
	PO-6Kg	Próximo a despacho 361



Planta	Axente extintor	Localización
	PO-6Kg	Próximo a despacho 206
PLANTA 2ª	PO-6Kg	Próximo a despachos 210 e 212
(zona antiga)	PO-6Kg	Próximo a despachos 230 e 232
	CO <sub>2</sub> -2Kg	Próximo a despachos 230 e 232
PLANTA 2ª	PO-6Kg	Próximo a despachos 238
(zona nova)	PO-6Kg	Próximo a despacho 253

Planta	Axente extintor	Localización
PLANTA 1ª	PO-6Kg	Próximo a despacho 108
(zona antiga)	PO-6Kg	Próximo a despacho 116
	PO-6Kg	Próximo a despacho 130
PLANTA 1ª	PO-6Kg	Próximo a despacho 140
(zona nova)	PO-6Kg	Próximo a despacho 153

Planta	Axente extintor	Localización
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Armario comunicaciones
	PO-6Kg	Unidade administrativa, próximo a Responsable UXADC
	PO-6Kg	Próximo a acceso Ude. Administ. a escaleira E1
	CO <sub>2</sub> -2Kg	Próximo a escaleira E1
	PO-6Kg	Próximo a escaleira E1
	CO <sub>2</sub> -5Kg	En rampla próxima a Conserxaría
	PO-6Kg	Cafetería, próximo a entrada
	PO-6Kg	Cociña cafetería
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Cociña cafetería
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Sala traballo Informática (mais próxima a aseos)
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Salas traballo Informática (entre as dúas salas)
	PO-6Kg	Corredor, fronte a aseos masculinos
BAIXA	CO <sub>2</sub> -2Kg	Próximo a escaleiras E2
(zona antiga)	PO-6Kg	Próximo a escaleiras E2
	PO-6Kg	Aula 7
	PO-6Kg	Aula 8
	PO-6Kg	Corredor, fronte ás escaleiras E13
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Reprografía-copistería
	PO-6Kg	Corredor, fronte á aula B
	PO-6Kg	Vestíbulo principal, próximo ao acceso a Aula A
	PO-6Kg	Vestíbulo principal, próximo ao acceso ao Decanato
	PO-6Kg (4)	Aula A
	PO-6Kg (4)	Aula B
	PO-6Kg (2)	Aula C
	PO-6Kg	BB-Corredor despachos
	PO-6Kg (2)	BB-Sala de lectura

Planta	Axente extintor	Localización
ENTREPLANTA SUPERIOR	PO-6Kg	Corredor Decanato, fronte a Calidade
	PO-6Kg	Sala de xuntas
	PO-6Kg	Salón de Graos
	PO-6Kg	Corredor, próximo ao acceso do salón de Graos
	PO-6Kg	Corredor, próximo ao acceso da Aula 2.
	PO-6Kg	Corredor, próximo ao acceso da Aula 6.

Planta	Axente extintor	Localización
ENTREPLANTA INFERIOR	PO-6Kg	Corredor, próximo ao acceso da Aula 20
	PO-6Kg	Aula 20
	PO-6Kg	Corredor, fronte a escaleira E13
	PO-6Kg	Corredor, próximo ao acceso da Aula 14
	PO-6Kg	Corredor, fronte a escaleira E9
	PO-6Kg	Corredor, próximo ao acceso das aulas 9 e 10
	PO-6Kg (2)	Sala Wifi-locais estudantes
	PO-6Kg (5)	BB-depósito de libros

Planta	Axente extintor	Localización
SEMISOTO + PLANTA BAIXA AMPLIACIÓN	PO-6Kg (4)	BB-depósitos hemeroteca
	PO-6Kg	BB-almacén
	CO <sub>2</sub> -5Kg	BB-almacén
	PO-6Kg (2)	Sala caldeiras
	PO-6Kg	Vestíbulo sala caldeiras
	PO-6Kg	Almacén
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Aula informática 1
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Aula informática 3
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Aula informática 4
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Aula informática 5
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Aula informática 6
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Sala cadro eléctrico xeral vello
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Centro de transformación
	PO-6Kg	Centro de transformación
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Grupo electrógeno
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Sala Cadro eléctrico xeral
	CO <sub>2</sub> -5Kg	Aula informática 7
	PO-6Kg	Vestíbulo acceso edificio, próximo a escaleiras E17
	PO-6Kg	Vestíbulo acceso a edificio S12
	PO-6Kg	Corredor, próximo a aula 27
	PO-6Kg	Corredor, próximo a aula 22
	PO-6Kg	Corredor, próximo a portas acceso a edificio vello
	PO-6Kg	Corredor, fronte a aula informática 6

Planta	Axente extintor	Localización
PRIMEIRA AMPLIACIÓN	PO-6Kg	Vestíbulo ascensor, próximo a S15
	PO-6Kg	Corredor, próximo a aula 29
	PO-6Kg	Corredor, fronte ao acceso á aula 28

Os extintores deben estar instalados de tal forma que poidan ser utilizados de xeito rápido e doado, e sempre que é posible, de tal forma que o extremo superior do extintor se atope a unha altura sobre o chan menor que 1,20 m. Deberá sinalizarse a súa ubicación.

A disposición dos extintores amósase nos planos adxuntos no Anexo III deste Plan de Autoprotección.

### ***b. Bocas de Incendio Equipadas (BIE)***

Planta	Diámetro/Lonxitude	Localización
PLANTA 3ª	25mm/20m semirixida	Próximo a aseos e acceso a escaleira E1
(zona antiga)	25mm/20m semirixida	Próximo a aseos e acceso a escaleira E2
PLANTA 3ª	25mm/20m semirixida	Entre despachos 350 e 352
(zona nova)		

Planta	Diámetro/Lonxitude	Localización
PLANTA 2ª	25mm/20m semirixida	Próximo a aseos e acceso a escaleira E1
(zona antiga)	25mm/20m semirixida	Próximo a aseos e acceso a escaleira E2
PLANTA 2ª	25mm/20m semirixida	Entre despachos 248 e 250
(zona nova)		

Planta	Diámetro/Lonxitude	Localización
PLANTA 1ª	25mm/20m semirixida	Próximo a aseos e acceso a escaleira E1
(zona antiga)	25mm/20m semirixida	Próximo a aseos e acceso a escaleira E2
PLANTA 1ª	25mm/20m semirixida	Entre despachos 150 e 152
(zona nova)		

Planta	Diámetro/Lonxitude	Localización
	25mm/20m semirixida	En rampla hacia escaleiras E1, próxima a Conserxaría
	25mm/20m semirixida	Corredor, fronte a Salas de Traballo-Informática
	25mm/20m semirixida	Corredor fonte a escaleiras E2, próximo a corredor aulas 7 e 8
BAIXA	25mm/20m semirixida	Corredor, próximo a escaleira E14
(zona antiga)	25mm/20m semirixida	Corredor, próximo a escaleira E10
	25mm/20m semirixida	Corredor, próximo a escaleira E7
	25mm/20m semirixida	BB-próximo ao acceso á sala de lectura
	25mm/20m semirixida	BB-sala de lectura

Planta	Diámetro/Lonxitude	Localización
ENTREPLANTA SUPERIOR	25mm/20m semirixida	Corredor Decanato, fronte a Calidade

Planta	Diámetro/Lonxitude	Localización
	25mm/20m semirixida	Corredor, próximo ao acceso do armario de comunicacións
ENTREPLANTA INFERIOR	25mm/20m semirixida	Corredor, fronte á escaleira E15
	25mm/20m semirixida	Corredor fonte á aula 9
	25mm/20m semirixida	BB-depósito de libros, próximo a escaleiras E4
	25mm/20m semirixida	BB-escaleira interior Biblioteca

Planta	Diámetro/Lonxitude	Localización
SEMISOTO+PLANTA BAIXA AMPLIACIÓN	25mm/20m semirixida	BB-vestíbulo saída S14
	25mm/20m semirixida	BB-almacén
	25mm/20m semirixida	Corredor, próximo a aula 27
	25mm/20m semirixida	Corredor, próximo a aula 22
	25mm/20m semirixida	Corredor, fronte a aula informática 6

Planta	Diámetro/Lonxitude	Localización
PRIMEIRA AMPLIACIÓN	25mm/20m semirixida	Vestíbulo ascensor, próximo a S15
	25mm/20m semirixida	Corredor, próximo ao acceso á aula 28

### ***c. Sistema de Detección e Alarma de Incendios***

O edificio dispón dunha instalación de detección e alarma manual de incendios, composta por:

- Unha central de detección e alarma de incendios, situada na Conserxaría na planta baixa do edificio vello, xunto ao acceso principal do edificio.
- A central está conectada a unha central receptora de alarmas.
- Detectores iónicos de fumes por todo o edificio, e detectores opticotérmicos e analóxico e térmico-termovelocimétrico no edificio de ampliación.
- Unha rede de pulsadores de alarma e sirenas acústicas por planta que se indica nas seguintes táboas.

Planta	Localización PULSADORES DE ALARMA
PLANTA 3ª	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E1
(zona antiga)	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E2
PLANTA 3ª	Corredor, fronte a seminario 336
(zona nova)	Corredor, próximo a saída S11
PLANTA 2ª	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E1
(zona antiga)	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E2
PLANTA 2ª	Corredor, fronte a aula 33
(zona nova)	Corredor, próximo a saída S10
PLANTA 1ª	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E1
(zona antiga)	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E2
PLANTA 1ª	Corredor, fronte a aula 31
(zona nova)	Corredor, próximo a saída S9
PLANTA BAIXA	Conserxaría (alarma xeral)
	Rampla próxima a escaleiras E1
	Corredor, próximo a salas de traballo-informática
	Corredor, próximo a saída S6
	Corredor, fronte á escaleira E14
	Corredor, próximo á escaleira E10
	Acceso a Decanato
Aula A, próximo á entrada	
ENTREPLANTA INFERIOR	Corredor, próximo a aula 9
	Corredor, próximo a aula 13
	Corredor, fronte á aula 18
	BB-Depósito de libros



Planta	Localización PULSADORES DE ALARMA
SEMISOTO+PLANTA BAIXA AMPLIACIÓN	Corredor, fronte á sala de caldeiras
	Corredor, próximo a aula 22
	Corredor, fronte á aula de informática 6
	BB-vestíbulo saída S14
	BB-almacén
PRIMEIRA AMPLIACIÓN	Vestíbulo ascensor, próximo a S15
	Corredor, próximo a aula 28

Planta	Localización SIRENAS DE ALARMA
PLANTA 3ª	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E1
(zona antiga)	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E2
PLANTA 3ª	Corredor, fronte a seminario 336
(zona nova)	
PLANTA 2ª	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E1
(zona antiga)	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E2
PLANTA 2ª	Corredor, fronte a aula 33
(zona nova)	
PLANTA 1ª	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E1
(zona antiga)	Corredor, próximo a aseos e acceso a escaleira E2
PLANTA 1ª	Corredor, fronte a aula 31
(zona nova)	
PLANTA BAIXA	Rampla próxima a escaleiras E1
	Corredor, próximo a saída S6
	Corredor, fronte á escaleira E14
	BB-Vestíbulo principal (atención público)
	BB-Sala de lectura
ENTREPLANTA INFERIOR	Corredor, fronte a escaleiras E9
	Corredor, fronte á aula 18
	BB-Depósito de libros

Planta	Localización SIRENAS DE ALARMA
SEMISOTO+PLANTA BAIXA AMPLIACIÓN	Corredor, fronte á sala de caldeiras
	Corredor, próximo a aula 22
	Corredor, fronte á aula de informática 6
	BB-vestíbulo saída S14
	BB-almacén
PRIMEIRA AMPLIACIÓN	Vestíbulo ascensor, próximo a S15
	Corredor, próximo a aula 28

#### ***d. Instalación de hidrantes***

Existe instalación de 2 hidrantes na praza existente entre as ás Leste e Oeste do edificio. Ambos os dous hidrantes teñen UNHA saída de 100 mm. e DOUS de 70 mm.

Así mesmo, en varios puntos da fachada existe toma de alimentación para USO EXCLUSIVO DE BOMBEIROS.

#### ***4.1.2. Instalación de Iluminación de Emerxencia.***

Disponse de instalación de bloques autónomos de emerxencia, ou de aparatos conectados a equipos de iluminación de emerxencia de tal maneira que entrarán automaticamente en funcionamento ao producirse un fallo de alimentación á instalación de iluminación normal (caída da tensión de alimentación por debaixo do 70% de valor nominal).

Os aparatos atópanse instalados en:

- Recintos con ocupación maior que 50 persoas (Aulas, Salas de Lectura, Cafetería)
- Corredores pertencentes a percorridos de evacuación e escaleiras de evacuación descendente.
- Puntos próximos ás saídas de recintos, de plantas e do edificio.
- Locais de instalacións xerais e de risco especial (Caldeiras, Trafos, Cadros eléctricos xerais, etc. e puntos próximos aos cadros eléctricos xerais de iluminación e forza, Depósitos de libros e Hemeroteca)

#### ***4.1.3 Sinalización***

Existe sinalización dos medios de protección contra incendios (extintores, BIE´s e interruptores) e de evacuación (dirección recorridos de evacuación, saídas de uso habitual e saídas de emerxencia).

#### **4.1.4 Elementos da evacuación. Saídas, saídas de emerxencia, portas.**

Veñen indicadas nos planos.

#### **4.1.5 Compartimentación en Sectores de Incendio – Protección Pasiva Contra Incendios.**

Establécense as condicións que debe satisfacer o deseño xeral dos edificios para garantir o confinamento e control dun incendio e facilitar a evacuación dos ocupantes.

Os edificios e establecementos estarán compartimentar en sectores de incendios mediante elementos a resistencia ao lume dos cales sexa a que se establece no artigo 15, de tal forma que cada un dos devanditos sectores teña unha superficie construída menos que 2500 m<sup>2</sup>.

Os establecementos de uso Docente terán SECTORES DE INCENDIO CUNHA SUPERFICIE CONSTRUÍDA <4.000 m<sup>2</sup> (Art. D.4.1)

#### **4.1.6 Medios Humanos**

Os medios humanos para a actuación no caso de emerxencia están recollidos con detalle no Capítulo 6, Plan de Actuación ante Emerxencias. Nel recóllense os protocolos de actuación para os diferentes tipos de emerxencias.

---

## **Capítulo 5 Programa de mantemento de instalacións**

---

### **Programa de mantemento de instalación**

O principal obxectivo deste capítulo, é programar o mantemento das instalacións propias da FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS e das instalacións de Autoprotección, para mellorar a súa eficacia e asegurar o seu funcionamento. O concepto de mantemento trata de evitar calquera suceso que poida producir un accidente.

---

### **5.1 Mantemento preventivo das instalacións de risco, que garante o seu control**

O mantemento é considerado como un factor estratéxico para incrementar a seguridade, e incide de xeito directo na Autoprotección. Tenderase a que o mantemento se leve a cabo mediante técnicas e sistemas que posibiliten a súa estruturación, a súa planificación e actualización para conservar as instalacións e equipamentos en condicións axeitadas de uso e de seguridade, e que non presupoñan riscos susceptibles de provocar situacións de emerxencia. Ademais debe satisfacer a necesidade de controlar o importante volume de información que xera a actividade mantedora, os obxectivos básicos son:

- Proporcionar o coñecemento sobre as instalacións e sobre o seu estado.
- Posibilitar o establecemento de accións (programas preventivos, correctivos, grandes reparacións, cambios, etc.)
- Facilitar a mellora das instalacións e da súa xestión.

En relación coa seguridade e a Autoprotección o mantemento permite:

- Dispor dunhas instalacións, equipamentos e recursos en condicións operativas, de máxima eficacia, e de seguridade.
- Evitar defectos e fallos operativos e dispor de procesos tendentes a solucionarlos con criterios de eficacia.
- Arbitrar mecanismos para que, no caso de fallo ou defecto, se actúe de xeito inmediato para poñelas en posición segura.
- Dispor dunha información, organizada, planificada e actualizada para a xestión.

A Área de Xestión de Infraestruturas da Universidade de Santiago de Compostela deberá dispor dun rexistro das instalacións e equipos aos que debe aplicarse mantemento, diferenciando entre o obrigado e o recomendado. Partindo do devandito rexistro, prepararanse os plans de mantemento concretos, definindo: os recursos humanos e materiais, requisitos e esixencias (noite, fóra de actividade, cortes de subministración, etc.), calendario, custos, etc.

Esta información manterase actualizada e deberase remitir ao *Director/a do Plan de Autoprotección* para o seu coñecemento. O Responsable do mantemento prestará especial atención ás instalacións susceptibles de producir un incendio (eléctrica,

climatización, gasóleo, etc.) e os locais de especialmente perigosos, coas operacións mínimas de mantemento a realizar conforme ao especificado na súa Regulamentación Específica, ben sexa Municipal, Autonómica ou Estatal.

---

## **5.2 Mantemento preventivo das instalacións de protección, que garante a súa operatividade**

Atendendo ao disposto no Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, publicado no BOE nº 298 do martes 14 de decembro de 1.993 e posterior Orde do 16 de abril de 1.998 publicada no BOE nº 101 do martes 28 de abril, sobre normas de procedementos e desenvolvemento do Real Decreto anterior, os medios materiais de protección contra incendios someteranse ao programa mínimo de mantemento que se establece a continuación.

As operacións de mantemento para cada caso poderán ser efectuadas por un instalador, un mantedor autorizado, ou titular da instalación, segundo se indica nas táboas seguintes:

En todos os casos, tanto o mantedor como o usuario ou titular da instalación, conservarán constancia documental do cumprimento do programa de mantemento preventivo, indicando como mínimo.

- As operacións efectuadas
- O resultado das verificacións e probas
- A substitución de elementos defectuosos que se realizaran.

Para os efectos do citado Regulamento, considéranse instalacións de protección contra incendios os seguintes sistemas.

- Detección e alarma de incendios.
- Interruptores de alarma de incendios.
- Extintores de incendios.
- Bocas de incendio equipadas.
- Iluminación de emerxencia.
- Sinalización.
- Abastecemento de auga.
- Alimentación eléctrica secundaria ou de emerxencia.
- Bloqueo e retención de portas.

A continuación establécense os criterios para o mantemento das instalacións de protección contra incendios.

TÁBOA I. Por persoal especializado do fabricante, de empresa mantedora autorizada ou titular da instalación.

<b>Equipo ou sistema</b>	<b>Cada tres meses</b>
Sistemas de detección e alarma de incendios. Requisitos xerais	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Paso previo: revisión e/ou implementación de medidas para evitar accións ou manobras non desexadas durante as tarefas de inspección.</li> <li>▪ Verificación de se se realizaron cambios ou modificacións en calquera dos compoñentes do sistema desde a última revisión realizada e documentalos.</li> <li>▪ Comprobación de funcionamento das instalacións (con cada fonte de subministración). Substitución de pilotos, fusibles e outros elementos defectuosos.</li> <li>▪ Revisión de indicacións luminosas de alarma, avaría, desconexión e información na central.</li> <li>▪ Mantemento de acumuladores (limpeza de bornes, reposición de auga destilada, etc.)</li> <li>▪ Verificación de equipamentos de centralización e de transmisión de alarma.</li> </ul>
Sistemas de detección e alarma de incendios. Fontes de alimentación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Revisión de sistemas de baterías: proba de conmutación do sistema en fallo de rede, funcionamento do sistema baixo baterías, detección de avaría e restitución a modo normal.</li> </ul>
Sistemas de detección e alarma de incendios. Dispositivos para a activación manual de alarma	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobación da sinalización dos botóns de alarmas manuais.</li> </ul>
Sistemas de detección e alarma de incendios. Dispositivos de transmisión de alarma	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobar o funcionamento dos avisadores luminosos e acústicos.</li> <li>▪ Se é aplicable, verificar o funcionamento do sistema de megafonía.</li> <li>▪ Se é aplicable, verificar a intellexibilidade do audio en cada zona de extinción.</li> </ul>
Extintores de Incendio	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar as seguintes verificacións: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que os extintores están no seu lugar asignado e que non presentan mostras aparentes de danos.</li> <li>- Que son adecuados conforme o risco que hai que protexer.</li> <li>- Que non teñen o acceso obstruído, son visibles ou están sinalizados e teñen as súas instrucións de manexo na parte dianteira.</li> <li>- Que as instrucións de manexo son lexibles.</li> <li>- Que o indicador de presión se encontra na zona de operación.</li> <li>- Que as partes metálicas (embocaduras, válvula, manguera...) están en bo estado.</li> <li>- Que non faltan nin están rotos os precintos ou os tapóns indicadores de uso.</li> <li>- Que non foron descargados total ou parcialmente.</li> </ul> </li> </ul> <p>Tamén se entenderá cumprido este requisito de se realizaren as operacións que se indican no "Programa de mantemento trimestral" da norma UNE 23120. Comprobación de accesibilidade, bo estado aparente de conservación, seguros, precintos, inscricións, mangueras, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobación a sinalización dos extintores.</li> </ul>
B.I.E.'s	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobación da sinalización das BIE</li> </ul>
Hidrantes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobar a accesibilidade ao seu contorno e a sinalización nos hidrantes enterrados.</li> <li>▪ Realizar inspección visual, comprobando a estanquidade do conxunto.</li> <li>▪ Quitar as tapas das saídas, engraxar as roscas e comprobar o estado das xuntas dos racores.</li> <li>▪ Comprobar a sinalización dos hidrantes.</li> </ul>

<b>Equipo ou sistema</b>	<b>Cada tres meses</b>
Sistemas fixos de extinción	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobación de que os dispositivos de descarga do axente extintor (boquillas, rociadores, difusores, ...) están en bo estado e libres de obstáculos para o seu correcto funcionamento.</li> <li>▪ Comprobación visual do bo estado xeral dos componentes do sistema, especialmente dos dispositivos de posta en marcha e as conexións.</li> <li>▪ Lectura de manómetros e comprobación de que os niveis de presión se encontran dentro das márxenes permitidas.</li> <li>▪ Comprobación dos circuitos de sinalización, pilotos, etc.; nos sistemas con indicacións de control.</li> <li>▪ Comprobación da sinalización dos mandos manuais de paro e disparo.</li> <li>▪ Limpeza xeral de tódolos compoñentes.</li> </ul>
Sistemas de abastecemento de auga contra incendios	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Verificación por inspección de todos os elementos, depósitos, válvulas, mandos, alarmas motobombas, accesorios, sinais, etc.</li> <li>▪ Comprobación do funcionamento automático e manual da instalación, de acordo coas instrucións do fabricante ou instalador.</li> <li>▪ Mantemento de acumuladores, limpeza de bornes (reposición de auga destilada, etc.).</li> <li>▪ Verificación de niveis (combustible, auga, aceite, etc.). Verificación de accesibilidade aos elementos, limpeza xeral, ventilación de salas de bombas, etc.</li> </ul>
Sistemas para o control de fumes e de calor	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobación de que non se colocaron obstrucións ou se introduciron cambios na xeometría do edificio (tabiques, falsos teitos, aperturas ao exterior, desprazamento de mobiliario, etc.) que modifiquen as condicións de utilización do sistema ou impidan o descenso completo das barreiras activas de control de fumes.</li> <li>▪ Inspección visual xeral.</li> </ul>

**TÁBOA II. Por persoal especializado do fabricante, de empresa mantedora autorizada ou do titular da instalación.**

<b>Equipo ou sistema</b>	<b>Cada seis meses</b>
Sistemas de detección e alarma de incendios. Dispositivos para a activación manual de alarma	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Verificación da localización, identificación, visibilidade e accesibilidade dos botóns.</li> <li>▪ Verificación do estado dos botóns (fixación, limpeza, corrosión, aspecto exterior).</li> </ul>
Hidrantes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Engraxar a porca de accionamento ou reencher a súa cámara de aceite.</li> <li>▪ Abrir e pechar o hidrante, comprobando o funcionamento correcto da válvula principal e do sistema de drenaxe</li> </ul>
Columnas secas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobar a accesibilidade da entrada das rúas e tomas de piso.</li> <li>▪ Comprobar a sinalización.</li> <li>▪ Comprobar as tapas e o correcto funcionamento dos seus peches (engraxamento se é necesario).</li> <li>▪ Manobrar tódalas chaves da instalación, verificando o seu funcionamento correcto.</li> <li>▪ Comprobar que as chaves das conexións siamesas están pechadas.</li> <li>▪ Comprobar que as válvulas de seccionamento están abertas.</li> <li>▪ Comprobar que todas as tapas de racores están ben colocadas e axustadas</li> </ul>
Sistemas fixos de extinción	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobar visualmente as tubaxes, os depósitos e mangas contra a corrosión, deterioración ou manipulación.</li> <li>▪ En sistemas que utilizan auga, verificar que as válvulas, cuxo peche podería impedir que a auga chegue aos espaxadores ou prexudicar o correcto funcionamento dunha alarma ou dispositivo de indicación, se encontran completamente abertas.</li> <li>▪ Verificar a subministración eléctrica aos grupos de bombeo eléctricos ou outros equipamentos eléctricos críticos.</li> </ul>



Sistemas de abastecemento de auga contra incendios	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Accionamento e engraxamento das válvulas.</li> <li>▪ Verificación e axuste dos prensaestopas.</li> <li>▪ Verificación da velocidade dos motores con diferentes cargas.</li> <li>▪ Comprobación da alimentación eléctrica, liñas e proteccións.</li> </ul>
Sistemas para o control de fumes e de calor	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobación do funcionamento dos compoñentes do sistema mediante a súa activación manual.</li> <li>▪ Limpeza dos compoñentes e elementos do sistema.</li> </ul>

***TÁBOA III. Por persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo, ou persoal da empresa mantedora autorizada.***

<b>Equipo Ou Sistema</b>	<b>Cada Ano</b>
Sistemas de detección e alarma de incendios. Requisitos xerais	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobación do funcionamento de manobras programadas en función da zona de detección.</li> <li>▪ Verificación e actualización da versión de "software" da central de acordo coas recomendacións do fabricante.</li> <li>▪ Comprobación de que todas as manobras existentes: avisadores luminosos y acústicos, paro de aire, paro de máquinas, paro de ascensores, extinción automática, comportas devasa, equipamentos de extracción de fumes e outras partes do sistema de protección contra incendios.</li> <li>▪ <u>Deberanse realizar as operacións indicadas na norma UNE-EN 23007-14.</u></li> </ul>
Sistemas de detección e alarma de incendios. Detectores	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Verificación do espazo libre, debaixo do detector puntual e en todas direccións, como mínimo 500 mm.</li> <li>▪ Verificación do estado dos detectores (fixación, limpeza, corrosión, aspecto exterior).</li> <li>▪ Proba individual de funcionamento de todos os detectores automáticos, de acordo coas especificacións dos seus fabricantes.</li> <li>▪ Verificación da capacidade de alcanzar e activar o elemento sensor do interior da cámara do detector. Débense empregar métodos de verificación que non danen ou prexudiquen o rendemento do detector.</li> <li>▪ A vida útil dos detectores de incendios será a que estableza o seu fabricante; transcorrida esta, substituiranse. No caso de que o fabricante non estableza unha vida útil, esta considerárase de 10 anos.</li> </ul>
Sistemas de detección e alarma de incendios. Dispositivos para a activación manual de alarma	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba de funcionamento de todos os botóns.</li> </ul>
Sistemas de abastecemento de auga contra incendios	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobación da reserva de auga.</li> <li>▪ Limpeza de filtros e elementos de retención de sucidade na alimentación de auga.</li> <li>▪ Comprobación do estado de carga de baterías e electrólito.</li> <li>▪ Proba, nas condicións de recepción, con realización de curvas de abastecemento con cada fonte de auga e de enerxía.</li> </ul>
Extintores de Incendio	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar as operacións de mantemento segundo o establecido no «Programa de mantemento anual» da norma UNE 23120. En extintores móbiles comprobarase, adicionalmente, o bo estado do sistema de traslado.</li> </ul>
B.I.E's	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar as operacións de inspección e mantemento anuais segundo o establecido na UNE-EN 671-3. A vida útil das mangueriras contra incendios será a que estableza o seu fabricante; transcorrida esta, substituiranse. No caso de que o fabricante non estableza unha vida útil, esta considerárase de 20 anos.</li> </ul>
Hidrantes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Verificar a estanqueidade dos tapóns.</li> </ul>

<b>Equipo Ou Sistema</b>	<b>Cada Ano</b>
Sistemas fixos de extinción	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobar a resposta do sistema aos sinais de activación manual e automáticos.</li> <li>▪ En sistemas fixos de extinción por auga ou por espuma, comprobar que a subministración de auga está garantida nas condicións de presión e caudal previstas.</li> <li>▪ En sistemas fixos de extinción por po, comprobar que a cantidade de axente extintor se encontra dentro das marxes permitidas.</li> <li>▪ En sistemas fixos de extinción por espuma, comprobar que o espumóxeno non se degradou.</li> <li>▪ Para sistemas fixos de inundación total de axentes extintores gasosos, revisar a estanquidade da sala protexida en condicións de descarga.</li> <li>▪ Os sistemas fixos de extinción mediante espaxedores automáticos deben ser inspeccionados segundo o indicado no «Programa anual» da UNE-EN 12845.</li> <li>▪ Os sistemas fixos de extinción mediante espaxedores automáticos deben ser inspeccionados cada tres anos, segundo o indicado no «Programa cada 3 anos» da UNE-EN 12845.</li> <li>▪ Nota: Os sistemas que incorporen compoñentes a presión que se encontren dentro do ámbito de aplicación do Regulamento de equipamentos a presión, aprobado mediante o Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, serán sometidos ás probas establecidas no dito regulamento coa periodicidade que se especifique nel.</li> </ul>
Sistemas para o control de fumes e de calor	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobación do funcionamento do sistema nas súas posicións de activación e descanso está dentro dos parámetros de deseño.</li> <li>▪ Se o sistema dispón de barreiras de control de fume, comprobar que os espazados de cabeceira, bordo e xunta (segundo UNE-EN 12101-1) non superan os valores indicados polo fabricante.</li> <li>▪ Comprobación da correcta dispoñibilidade da fonte de alimentación principal e auxiliar.</li> <li>▪ Engraxamento dos compoñentes e elementos do sistema.</li> <li>▪ Verificación de sinais de alarma e avaría e interacción co sistema de detección de incendios.</li> </ul>

**TÁBOA IV. Persoal especializado do fabricante ou instalador do equipo, ou persoal da empresa mantedora autorizada.**

<b>Equipo ou sistema</b>	<b>Cada cinco anos</b>
Extintores de incendio	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar unha proba de nivel C (timbrado), de acordo co establecido no anexo III do Regulamento de equipamentos de presión, aprobado mediante o Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro. A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) retimbrarase de acordo co establecido no anexo III do Regulamento de equipamentos de presión.</li> </ul>
B.I.E.'s	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realizar as operacións de inspección e mantemento quinquenais sobre a manguera, segundo o establecido na UNE-EN 671-3.</li> </ul>
Hidrantes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cambio das xuntas dos racores.</li> </ul>
Sistemas de columna seca	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba da instalación nas condicións da súa recepción.</li> </ul>

<b>Equipo ou sistema</b>	<b>Cada cinco anos</b>
Sistemas fixos de extinción	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proba da instalación nas condicións da súa recepción.</li> <li>▪ En sistemas fixos de extinción por espuma, determinación do coeficiente de expansión, tempo de drenaxe e concentración, segundo a parte da norma UNE-EN 1568 que corresponda, dunha mostra representativa da instalación. Os valores obtidos deberanse encontrar dentro dos valores permitidos polo fabricante.</li> <li>▪ Os sistemas fixos de extinción mediante espaxadores automáticos deben ser inspeccionados cada 10 anos, según o indicado no "Programa de 10 anos" da UNE-EN 12845.</li> <li>▪ Os sistemas fixos de extinción mediante espaxadores automáticos deben ser inspeccionados cada 25 anos, segundo o indicado no anexo K da UNE-EN 12845.</li> </ul>

TÁBOA V. Por persoal especializado do fabricante, da empresa mantedora autorizada ou titular da instalación.

<b>Equipo ou sistema</b>	<b>Cada ano</b>
Sistemas de sinalización luminescente	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprobación visual da existencia, correcta localización e bo estado en canto a limpeza, lexibilidade e iluminación (na escuridade) dos sinais, balizamentos e planos de evacuación.</li> <li>▪ Verificación do estado dos elementos de suxeición (ancoraxes, varetas, angulares, parafusos, adhesivos, etc.).</li> </ul>

### **5.3 Inspeccións de seguridade de acordo coa normativa vixente**

#### ❖ Instalacións térmicas do edificio

A regulamentación aplícase ás instalacións térmicas dos edificios, destinadas a atender a demanda de benestar térmico e hixiene a través das instalacións de calefacción, climatización e auga quente sanitaria, co obxecto de conseguir un uso racional da enerxía que consumen, por consideracións tanto económicas como de protección do medio.

<b>OBXECTO</b>	<b>TIPO</b>	<b>PERIODICIDADE</b>	<b>PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR</b>	<b>DOCUMENTOS A EMITIR</b>
<b>INSPECCIÓNS PERIÓDICAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA</b>				
Xeradores de calor Potencia Térmica 20 Kw < P < 70 Kw	Medición e análise	5 anos	OCA	Certificado
Xeradores de calor Potencia Térmica P > 70 Kw	Medición e análise	5 anos	OCA	Certificado
Xeradores de frío P > 12 Kw	Medición e análise		OCA	Certificado

O REAL DECRETO 1751/1998, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos edificios (RITE) e as súas instrucións técnicas complementarias ITE. Está derogado polo Novo Regulamento, REAL DECRETO 1027/2007, do 20 de xullo. Pero é de aplicación a instalacións existentes, agás no relativo á súa reforma, mantemento, uso e inspección.

❖ Instalación eléctrica en Alta Tensión. Transformador

As normas e prescricións técnicas do REAL DECRETO 3275/1982, do 12 de Novembro, sobre Condicións Técnicas e Garantías de Seguridade en Centrais Eléctricas, Subestacións e Centros de Transformación, son de aplicación para as instalacións de corrente alterna, a tensión nominal eficaz da cal sexa superior a un Kv, entre dous condutores calquera, con frecuencia de servizos inferiores a 100 Hz.

<b>OBXECTO</b>	<b>PERIODICIDADE</b>	<b>PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR</b>	<b>DOCUMENTOS A EMITIR</b>
Centro de transformación	3 anos	OCA Empresa mantedora	Acta de Inspección

Verificación ou inspección:

- Comprobación do mantemento das condicións iniciais segundo Proxecto.
- Protección contra sobre intensidades e sobre tensións.
- Protección contra contactos.
- Comprobación de canalizacións, condutores e conexións.
- Continuidade de condutores de protección de equipotencialidade.
- Medidas de distancia de illamento.
- Resistencia da posta a terra.
- Medidas de tensión de paso e de contacto.
- Estado dos aparatos, máquinas, aparellos e receptores.

❖ Instalación eléctrica de Baixa Tensión

Para as instalacións anteriores ao 18 de setembro do 2003, son de aplicación as prescricións e normas relativas a locais de pública concorrencia do REAL DECRETO 2413/1973, do 20 de setembro, que aprobaba o anterior Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión. As súas Instrucións Técnicas Complementarias aprobáronse pola Orde do 31 de outubro de 1973.

Para as instalacións posteriores ao 18 de setembro do 2003, e aplicable o REAL DECRETO 842/2002, do 2 de agosto, que aproba o vixente Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión.

<b>OBXECTO</b>	<b>PERIODICIDADE</b>	<b>PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR</b>	<b>DOCUMENTOS A EMITIR</b>
Centros de ensino	5 anos	OCA	Certificado de Inspección

Verificación ou inspección:

- Comprobación do mantemento das condicións iniciais segundo Proxecto.

- Proteccións contra sobre intensidades e sobre tensións.
- Proteccións contra contactos.
- Comprobación de canalizacións, condutores e conexións.
- Continuidade de condutores de protección de equipotencialidade.
- Resistencia de illamento.
- Resistencia da posta a terra.
- Caídas de tensión.
- Estado dos receptores.
- Subministracións complementarios.
- Iluminacións de emerxencia.

#### ❖ Caldeiras

O Real Decreto 1.244/79, de 4 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Aparatos a Presión, aplicase as caldeiras.

<b>OBXECTO</b>	<b>PERIODICIDADE</b>	<b>PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR</b>	<b>DOCUMENTOS A EMITIR</b>
Caldeira	Anual	Empresa instaladora ou fabricante da caldeira autorizado	Constancia no libro de instalación

Verificación ou inspección:

- Inspección visual das canalizacións e equipos que utilizan o fluído da caldeira.
- Estanquidade do circuíto de gases.

<b>OBXECTO</b>	<b>PERIODICIDADE</b>	<b>PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR</b>	<b>DOCUMENTOS A EMITIR</b>
Caldeira	3 anos	OCA	Certificado de Inspección

Verificación ou inspección:

- Inspección visual das canalizacións e equipos que utilizan o fluído da caldeira.
- Estanquidade do circuíto de gases.
- Comprobación da documentación da caldeira e da placa de instalación e inspeccións periódicas.
- Inspección visual previa e posterior a limpeza.
- Probas e ensaios diversos (Deformacións, cordóns de soldadura, espesores, válvulas de seguridade, manómetros, termómetros, condutos de fumes, circuitos eléctricos, automatismos, estrutura,...).
- Proba hidrostática (cada 6 anos).
- Ensaio de funcionamento (cada 6 anos).

#### ❖ Almacenamento de combustibles

As normas e prescricións técnicas de aplicación para as instalacións de almacenamento de carburantes e combustibles líquidos son as indicadas na ITC-MI-IP 03. Indicada no REAL DECRETO 1523/1999, da 1 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado por Real Decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e as instrucións técnicas complementarias MI-IP 03,

aprobada polo Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, e MI-IP 04, aprobada polo Real Decreto 2201/1995, do 28 de decembro.

<b>OBXECTO</b>	<b>PERIODICIDADE</b>	<b>PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR</b>	<b>DOCUMENTOS A EMITIR</b>
Instalacións enterradas	anual	Empresa de mantemento	Acta , informe, certificado o un ditame

Verificación ou inspección:

- Protección activa.

<b>OBXECTO</b>	<b>PERIODICIDADE</b>	<b>PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR</b>	<b>DOCUMENTOS A EMITIR</b>
Instalacións enterradas	5 anos	Empresa de mantemento	Acta , informe, certificado o un ditame

Verificación ou inspección:

- Proba de estanquidade de depósitos.
- Proba de estanquidade de canalizacións.
- Correcto funcionamento do sistema de fugas.

<b>OBXECTO</b>	<b>PERIODICIDADE</b>	<b>PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR</b>	<b>DOCUMENTOS A EMITIR</b>
Instalacións enterradas	10 anos	OCA	ACTA

Verificación ou inspección:

- Inspección global da instalación.

#### ❖ Ascensores

Aos ascensores movidos eléctrica, hidráulica ou oleoeléctricamente, instalados de forma permanente, que poñan en comunicación niveis definidos cunha cabina destinada ao transporte de persoas ou de persoas e obxectos, suspendida mediante cables ou cadeas ou sostida por un ou máis pistóns, e que se desprace, ao menos parcialmente, ao longo de guías verticais ou cunha inclinación sobre a vertical inferior a 15º, aplícase a Instrución Técnica Complementaria MIE-AEM 1 do Regulamento de Aparatos de Elevación e Manutención, REAL DECRETO 2291/1985, do 8 de novembro (Industria e Enerxía).

<b>OBXECTO</b>	<b>PERIODICIDADE</b>	<b>PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR</b>	<b>DOCUMENTOS A EMITIR</b>
Instalación de Ascensores	Mensual	Empresa conservadora	Acta de inspección e rexistro de mantemento (Libro de conservación)

Verificación ou inspección:

- Estado mecánico das portas de piso y garantía de peche e condena posterior.
- Dispositivos de encravamento.
- Freo mecánico.
- Limitador de velocidade.
- Paracaídas.
- Amortecedores.
- Dispositivo de petición de socorro.

<b>OBXECTO</b>	<b>PERIODICIDADE</b>	<b>PERSOA OU ORGANISMO QUE A DEBE REALIZAR</b>	<b>DOCUMENTOS A EMITIR</b>
Instalación de Ascensores	2 anos	OCA	Acta de inspección e rexistro de mantemento (Libro de conservación)

Verificación ou inspección:

- Estado mecánico das portas de piso y garantía de peche e condena posterior.
- Dispositivos de encravamento.
- Freo mecánico.
- Limitador de velocidade.
- Paracaídas.
- Amortecedores.
- Dispositivo de petición de socorro.

---

## **Capítulo 6**

---

### **Plan de actuación ante emerxencias**



O presente Capítulo pretende establecer, de forma tan precisa como sexa posible (tendo en conta que se basea en parte en formulacións hipotéticas ou teóricas), a conduta a seguir por todas as persoas que se achen na FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS no momento de producirse unha emerxencia. Establécense as actuacións tanto para as persoas ás que se asignaron labores específicos para combater a emerxencia, coma para o persoal sen labores de ningún tipo, incluído o non pertencente a Universidade de Santiago de Compostela.

Este Plan de Actuación ante emerxencias áchase dividido nas seguintes partes, necesarias todas elas para establecer as actuacións de todo o persoal.

- A. **Instrucións** para que a persoa que detecte unha emerxencia faga saber á Organización da *Universidade de Santiago de Compostela* a súa existencia. Igualmente, establécense os sistemas de comunicación para informar da existencia dunha emerxencia a todo o persoal involucrado. Con isto preténdese que se poida combater a emerxencia dende o primeiro instante, con todos os medios existentes e da forma máis coordinada e rápida posible.
- B. **Organigrama** establecido para a actuación fronte a calquera tipo de emerxencia.
- C. **Pautas de actuación**, en caso de emerxencia, de cada un dos grupos establecidos no Organigrama. As devanditas actuacións inclúen instrucións sobre como serán avisados da existencia dunha emerxencia e que deben facer sempre no devandito caso.

Estas actuacións desenvolveranse sempre que se active o Plan de Emerxencia, independentemente do tipo de emerxencia que se produza.

A continuación defínense as accións a desenvolver para o control inicial das emerxencias, garantíndose a alarma, a evacuación e o socorro.

---

## **6.1 Identificación e clasificación das emerxencias**

Os riscos teñen intrinsecamente un perigo potencial, cando concorren unha serie de causas no tempo e no lugar preciso, cunhas condicións específicas, producindo o accidente, que á súa vez causa danos ás persoas e os bens materiais.

Cando por un accidente rompe a situación de normalidade, alterándose por conseguinte os procesos habituais, créase a Situación de Emerxencia.

### **6.1.1 En función do tipo de risco**

Tal e como se determinou no Capítulo 3 (Inventario, análise e avaliación de riscos) os tipos de emerxencias que se consideran posibles na FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS son:

**Riscos de Orixe Interna**, a orixe do cal ten lugar no interior do recinto do establecemento.

- Explosión.
- Incendio.
- Accidente de traballo ou enfermidade con consecuencias graves.

**Riscos de orixe externa**, a orixe do cal ten lugar no exterior das instalacións, pero cuxas consecuencias poden afectar ao propio establecemento. Entre estes atópanse:

- Axentes da natureza.
- Intrusión e outros actos delituosos.
- Ameaza de bomba ou de sabotaxe.

### **6.1.2 En función da gravidade**

En función da súa gravidade ou factor de risco intrínseco, as emerxencias clasifícanse en tres grupos.

#### **a. Fallo técnico**

Situación de alerta producida, por algún detector, central de datos, máquina, equipo ou calquera elemento que posúa un dispositivo de revisión e que funcione de forma anómala ou non funcione, dando orixe polo tanto ao sinal de perigo, sendo soamente un fallo deste que se evita reparándoo ou cambiándoo.

#### **b. Conato de emerxencia**

É aquela emerxencia que, polo seu inicial desenvolvemento, pode ser controlada e neutralizada cos medios dispoñibles na área onde se orixina o suceso (Equipo de intervención xeralmente ou mesmo a propia persoa que o descobre).

#### **c. Emerxencia parcial**

É aquela emerxencia que aínda revestindo certa importancia aparente, afecta a un sector determinado, pero non é previsible a súa extensión a outros sectores lindantes. Para ser dominada, require a activación do Plan de Actuación ante Emerxencias e a participación dos Equipos de Intervención, segundo sexa a

emerxencia (todos os equipos en caso de incendio, primeiros auxilios en caso de accidente, etc.). Os efectos desta emerxencia quedarán, en principio, limitados ao propio sector, non alcanzando os lindantes nin terceiras persoas, xerando como máximo a evacuación do sector afectado.

**d. Emerxencia xeral**

É aquela emerxencia que afecta ou pode afectar a partes importantes (en tamaño ou valor) das instalacións. Require para o seu combate a activación do Plan de Actuación ante Emerxencias (coa participación dos Equipos de Intervención), así como a colaboración de medios de axuda e socorro exteriores. Ademais, comportará a evacuación da FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS.

**6.1.3 En función da ocupación e medios humanos**

En función da ocupación e dos medios humanos dispoñibles pódense distinguir varios períodos durante os cales a afluencia de persoal varía en función da actividade, ou do período do ano (vacacións de verán, Nadal, fins de semana, festivos, ...).

Polas dispoñibilidades de medios humanos e ocupación, en base a información facilitada polo FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, contéplanse as seguintes situacións.

**a. Horario de plena actividade**

Considérase como período de plena actividade, o espazo de tempo comprendido entre as 08:30 e 21:30 h (inverno) e entre as 09:00 e 21:00 h (verán).

**b. Horario de actividade reducida ou non habitual**

No período nocturno, comprendido entre as 21:30 e as 8:30 h (inverno), entre as 09:00 e 21:00 h (verán) e nas fins de semana e festivos.

Para todas estas actividades, resulta moi complicado determinar a dispoñibilidade de medios humanos, así como os horarios e duración das mesmas.

Respecto os Medios Humanos Dispoñibles para facer fronte a unha Situación de Emerxencia, cabe precisar, que son moi variables, debido os seguintes factores:

- Mobilidade de persoal investigador externo que realiza actividades na FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS: este persoal cambia continuamente, polo que non é factible ten un listado cunha certa estabilidade.
- Persoal concorrente: subministradores, mantemento, empresas de mensaxería, etc. Trátase dun persoal numeroso necesario para dar servizo a infraestrutura que hai no centro. Este persoal é variable, e como é de esperar, trátase de persoal con escaso coñecemento do Centro, polo que non será tido en conta a hora de configurar os Equipos de Emerxencia.

---

## **6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias**

A activación do Plan de Actuación ante Emerxencia será consecuencia dunha serie de situacións previas que necesariamente deberán producirse e que se describen a continuación.

### **6.2.1 Detección e Alerta**

A detección e COMUNICACIÓN RAPIDA dun incendio ou calquera tipo de incidente, que potencialmente poida orixinar unha emerxencia en calquera dos seus niveis, é o procedemento mais axeitado para evitar ou reducir ao mínimo as súas consecuencias. Podendo afirmar que un CONATO de EMERXENCIA pode converterse nunha EMERXENCIA PARCIAL, e esta nunha EMERXENCIA XERAL se a detección ou comunicación non é rápida.

As emerxencias que se orixinen na FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, poden ser detectadas ben por unha persoa ou ben a través dos medios automáticos de detección.

#### **a. Detección Persoal**

Implica que algún dos usuarios do FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS (persoal propio, externo ou visitas) detecte unha situación de risco que pode dexenerar nunha situación de emerxencia.

- *Detección por parte do persoal propio ou externo (coa excepción do persoal concorrente)*

A primeira persoa que detecte unha emerxencia tratará de combatela mesma cos medios que teña dispoñibles (preferentemente extintores). Ante calquera dúbida sobre se poderá controlar doadamente el mesmo a emerxencia, dará aviso de inmediato. Se dispón de teléfono, chamará a CONSERXARÍA. Se non dispón de teléfono, activará o interruptor de alarma máis próximo.

Como en calquera proceso de comunicación a información sobre o suceso ha de ser suficientemente ampla, veraz e concisa. Loxicamente nos primeiros instantes os datos dispoñibles sobre un suceso determinado poden ser parciais ou incompletos. Ademais, os sucesos evolucionan co paso do tempo.

A información a comunicar axustarase ao que se indica.

- Quen e dende onde informa
- Tipo de incidencia ou accidente e a súa valoración
- Lugar
- Persoas afectadas ou en perigo
- Circunstancias que poden afectar á evolución do suceso
- Accións desenvolvidas.

- *Detección por parte dunha visita ou persoal de empresas concorrentes.*

Normalmente estes ocupantes ante unha situación anómala actuará de tres maneiras posibles:

- Localizando a persoal da FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS para comunicarlle a situación. Neste caso o persoal do Centro farase cargo da devandita situación.
- Chamando a CONSERXARÍA, neste caso, a situación canalizarase dende este lugar.
- Activando o interruptor de alarma de incendios da Planta.

### **b. Detección Automática**

O edificio está dotado de detectores automáticos de fume. A súa activación producirá un sinal que se recibirá na Central de Alarmas instalada na CONSERXARÍA.

Cando a alerta sexa recibida na Central de Alarmas valorarase a situación (verificando si se trata dun fallo técnico ou dunha emerxencia real) e decidirse, en función da incidencia, as medidas a adoptar e se procede a posta en marcha do Plan de Actuación ante Emerxencias. Neste caso avisarase o Xefe de Emerxencias.

A Activación de Plan de Autoprotección, e por conseguinte a posta en marcha do correspondente Plan de Actuación ante Emerxencias, so pode ordenala o Xefe de Emerxencias, ou na súa ausencia, as persoas designadas como suplentes.

## **6.2.2 Mecanismos de Alarma**

A alarma é o sinal ou aviso que se dá mediante o sistema sonoro ás persoas que están na FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, para que se protexan ante unha situación de emerxencia. No caso de producirse ordenarase a evacuación dos ocupantes e a entrada en acción dos membros dos Equipos de Emerxencia.

Coñecida a situación anómala existente, é preciso facer saber aos que deben actuar en consecuencia, que se inicia unha Emerxencia (Conato, Parcial ou Xeral) para que se poidan actuar con urxencia.

No desenvolvemento xeral da Emerxencia estes instantes son críticos, pois establecida a detección do incendio e coñecida polo Xefe de Emerxencias, debe valorarse rapidamente e con ecuanimidade o Nivel de Emerxencia presente en realidade.

Un fallo na valoración do devandito nivel pode producir perturbacións e molestias se a valoración é pesimista, ou gravísimos danos e perdas se foi optimista, e se actuou en consecuencia.

É por iso que as persoas autorizadas, para tomar a decisión de definir o Nivel de Risco da Emerxencia, deben contrastar moi rapidamente a información dispoñible para coñecer a realidade e establecer o seu criterio valorativo con presteza.

O Nivel de Emerxencia pode agravarse por dous motivos fundamentais, que orientarán a quen debe tomar a decisión de definilo:

- A posibilidade de danos a persoas, sexan directos ou derivados.

- O valor dos bens implicados no risco (dende o punto de vista económico, operativo, social, etc.).

Con estes criterios asumidos, axudará a definir o Nivel de Emerxencia recordando que, en xeral:

- Un **conato de emerxencia** pode distinguirse pola pouca extensión que ocupa o incendio e a pouca intensidade de calor; e porque pode solucionarse de inmediato polo persoal da zona ou do Equipo de Primeira Intervención cos medios dispoñibles no lugar da emerxencia.
- Unha **emerxencia parcial** implica extensións de lume maiores, pero sobre todo, a posibilidade de propagación a combustibles próximos ao foco do incendio ou a previsión de danos en bens próximos de alto valor (funcional, económico). Cando esta situación se presente debe declararse unha Emerxencia Parcial. En principio, intentarase controlar polos equipos de emerxencia do centro. Os efectos de esta emerxencia quedarán limitados ó propio sector, non alcanzando aos contiguos, nin a terceiras persoas.
- Unha **emerxencia xeral** supón que o foco comunicou a súa calor aos materiais circundantes, combustibles ou non, co que se produciu xa unha propagación do incendio e unha destrución apreciable, o que dá lugar a un incremento da calor liberada, densidade de fume, extensión incontrolada do lume, etc. A situación non se pode controlar cos medios propios, polo que é necesario o apoio dos medios externos e evacuarase a todos os ocupantes do centro.

Debemos diferenciar tamén entre:

- ❖ **Alarma restrinxida. (p.e. Ameaza de bomba)**  
En xeral aviso ao Xefe de Emerxencias. Segundo a localización e tipo de suceso, ao resto dos Equipos.

❖ **Alarma limitada**

A planta afectada (Conato ou Emerxencia Parcial). O obxectivo é dar a coñecer a situación ó persoal de emerxencia para adoptar medidas preventivas ou poñer alerta si se ordena a evacuación:

- Alertar o resto de persoal.
- Pechar portas.
- Manter a atención aos comunicados de evolución da emerxencia.
- Informar das anomalías que se detecten.
- Controlar un posible estado de inquietude ou pánico.
- Revisar o estado da ocupación. Preparar a evacuación en función do sinistro.
- Despexar as rutas de evacuación.

❖ **Alarma xeral e aviso de orde de evacuación**

A totalidade da FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS con obxectivos similares á alarma limitada:

- Mensaxe xeral a todos os ocupantes.

#### *6.2.2.1 Identificación da persoa que dará os avisos*

O persoal de CONSERXARÍA, unha vez verificada a existencia dunha Situación de Emerxencia é o encargado de avisar o Xefe de Emerxencias.

O Xefe de Emerxencias será o encargado de avisar a Axuda Externa, no caso de ser necesario.

Nos Anexo IV e V do Plan de Autoprotección, inclúsen os protocolos de actuación en caso de emerxencia e no Anexo I, o Directorio Telefónico do Persoal de Emerxencia e os teléfonos da Axuda Exterior.

Na CONSERXARÍA, dispórase deste directorio telefónico, así como dos Protocolos de Actuación e unha copia deste Plan de Autoprotección.

### **6.2.3 Mecanismos de resposta fronte á emerxencia**

Os equipos humanos de que dispón a FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS poranse en funcionamento a medida que vaian recibindo a indicación correspondente, na forma en que se indica nos apartados seguintes.

En primeiro lugar, unha vez coñecida unha Situación de Emerxencia, convén comprobar o equipo/persoal que realiza a acción de comunicación da emerxencia, a súa localización e as accións a realizar, así como tomar as medidas para asegurarse da veracidade e natureza da emerxencia antes de tomar iniciativas e como se van realizar as comunicacións no lugar da emerxencia.

Os usuarios e persoal concorrente que non pertencen aos Equipos de Emerxencias, seguirán as instrucións que se lle indiquen. O persoal integrado nos Equipos de

Emerxencias, realizarán as tarefas asignadas ao equipo que pertencen, segundo o tipo de emerxencia.

Os protocolos xenéricos de actuación ou procedementos para dar resposta as diferentes situacións de emerxencia identificadas para a FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, atópanse nos Anexo IV e V deste Plan de Autoprotección.

#### **6.2.4 Evacuación e/ou Confinamento.**

A evacuación das instalacións da FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, porase en marcha cando o ordene o Xefe de Emerxencias. Está situación será comunicada os ocupantes da Facultade mediante a activación de maneira continúa da sirena da alarma do centro (Evacuación Xeral) ou activación intermitente da sirena de alarma (Evacuación Parcial – zona afectada). Será o Xefe de Emerxencias o que ordene a activación desta alarma de Evacuación Xeral na central situada no Centro de Comunicación e Control. (CONSERXARÍA).

Os Equipos de Alarma e Evacuación deben facer posible para que, en caso de Emerxencia, os ocupantes poidan desprazarse (ou ser levados) ata un lugar seguro, nun tempo suficientemente curto e realizando o devandito desprazamento nunhas condicións axeitadas de seguridade.

Segundo os sucesivos ámbitos, inicialmente considérase como lugar seguro alternativo e inmediato.

- *Para un recinto*, os situados ao outro lado das portas que permiten abandonalo.
- *Para un sector* de incendio o paso ao sector do lado (en determinadas condicións).
- *Para unha planta de piso*, a porta de entrada a unha caixa pechada e protexida de escaleira que conduza á saída do edificio, ou ben o acceso a un corredor tamén protexido que conecte coa devandita escaleira.
- *Para a planta de saída*, os lugares definitivamente seguros son os espazos exteriores non expostos á acción dun posible incendio, con superficie abonda para conter os ocupantes. Capaces de permitir a súa dispersión progresiva e accesibles aos medios de auxilio exteriores.

En zonas do edificio sectorizadas para os efectos dun posible incendio, é dicir que cada planta estea dividida en dous ou máis zonas, mediante elementos construtivos que permitan supoñer a total independencia de risco entre eles, o lugar definitivamente seguro para os ocupantes dun sector pode alcanzarse mediante o paso ao sector alternativo, sempre que este reúna determinadas condicións.

No caso dun incendio, estas condicións teranse en conta se os efectos (fundamentalmente fumes e gases quentes e/ou tóxicos) non pasaron á zona de destino, pechando as portas correspondentes ao evacuar.

Para os efectos de evacuación o escenario é determinante en función de:



- a. A configuración estrutural do edificio, a planta e en particular a sectorización.
- b. A ocupación dos recintos, sectores ou plantas afectadas e aquelas susceptibles de verse influídas.
- c. O tipo de ocupantes e as súas capacidades para evacuar.
- d. A probabilidade de que por unha alarma indebida ou inadecuada se poida xerar alarma colectiva ou inducir pánico.

As directrices xerais para lograr unha evacuación inmediata e eficaz que se acomode á situación concreta, son as seguintes:

A evacuación estará dirixida baixo as instrucións do Xefe de Emerxencias, e realizada polo Equipo de Alarma e Evacuación (EAE).

1. Conato de emerxencia

Nos casos de conato, polo xeral, non cabe falar de evacuación. Se acaso do desaloxo dunha zona determinada. O desaloxo levarase a cabo seguindo as mesmas pautas que na evacuación a pesar de que as condicións para este non sexan tan severas.

2. Emerxencia Parcial ou Xeral

O común é que se dispoña de certo tempo previo á evacuación.

Unha vez que se escoite a primeira sinal de Alarma, os compoñentes do Equipo de Alarma e Evacuación, cesarán nas súas actividades habituais (dispoñendo as instalacións e medios da forma máis segura) e incorporaranse ás tarefas encomendadas.

Na situación de Emerxencia Parcial procederase a evacuación da Planta Afectada, e na Emerxencia Xeral, evacuarase toda o FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

### **6.2.5 Prestación das Primeiras Axudas**

A CONSERXARÍA, será o lugar habitual onde en situación de emerxencia se atope o Xefe de Emerxencias, o cal recibirá as Axudas Externas e informará do suceso e de cantas circunstancias concorran nel e porase a disposición dos Responsables da Axuda Externa.

Na CONSERXARÍA debe de estar indicado con claridade, respecto á intervención, o equipo ou persoa/s que van estar implicadas, así como a súa localización e as accións a realizar. O Director do Plan de Actuación en Emerxencias é a persoa que decidirá se fai falta chamar as axudas externas e indicarao o persoal de CONSERXARÍA.

A intervención ante a emerxencia nestes primeiros momentos debe producirse só se hai medios dispoñibles e se non supón un risco; débese solicitar axuda, asignar persoas con formación axeitada, utilizar medios de protección contra incendios,

efectuar o corte de subministracións enerxéticas, así como o bloqueo dos ascensores no seu caso.

Como fórmula xeral será o Xefe de Emerxencias, quen efectuará as chamadas pertinentes.

### ***Contido da Notificación da alarma – Protocolo de solicitude de Axuda Externa***

❖ Identificación

Son...

Cargo...

Da FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS da Universidade de Santiago de Compostela.

❖ Tipo de sinistro

Produciuse un (conato, emerxencia, emerxencia) a causa de (incendio, explosión, escape de gas, ...) valoración (conato, grave, moi grave..).

❖ Vítimas

Persoas afectadas ou en perigo...

❖ Circunstancias

Circunstancias condicionantes do suceso e da súa evolución.

❖ Localización

Asegurarase que o interlocutor coñece a situación do centro e o mellor acceso.

❖ Persoal de contacto e punto de encontro

Espéranos na porta principal da entrada, para dirixilos ao punto do suceso.

❖ Teléfono de contacto

O teléfono co que pode contactar en caso necesario...

### **6.2.6 Modos de recepción das Axudas externas**

A Axuda Externa posúe unha cualificación profesional e dispón de recursos que os capacitan para unha intervención especializada.

A súa intervención solicitarase cando a organización e os medios operativos propios non foron suficientes ou non foron capaces de mitigar e controlar o suceso. Polo tanto, resulta ser o chanzo dominante ante a resposta a un suceso.

Malia a súa existencia e dispoñibilidade, a organización da FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, ha de estar capacitada para atender calquera suceso coa limitación que impón a súa preparación non especializada, e os medios dispoñibles. Pero iso, non escusa derivar as actuacións fronte ás emerxencias cara aos servizos da Axuda Externa por sistema. A FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS debe estar preparada para facer fronte a un evento emerxente, polo menos nas fases incipientes da súa posta de manifesto.

Ante calquera solicitude realizada a Axuda Externa, as organizacións involucradas acudirán con prontitude e intervirán con eficacia dada a súa experiencia e capacitación. Non obstante, é preciso que a chamada, solicitando a súa intervención, se realice en determinadas condicións se o que se pretende é que respondan coa eficacia desexada. As Axudas Externas que foran previamente avisadas, serán recibidas polo Xefe de Emerxencias, na entrada principal do Edificio. Este informará a os membros da Axuda Externa, do lugar por onde poden acceder as instalacións, facilitándolles canta información precisen, sendo necesaria al menos a seguinte:

- A situación do sinistro no Edificio, planta ou dependencia.
- As súas características coñecidas.
- A perigosidade de zonas próximas ao lugar do sinistro.
- As incidencias producidas na evacuación, se fose necesario.
- A existencia de feridos e/ou atrapados.

A axuda externa compóñena de xeito común os servizos seguintes.

- **Bombeiros**  
As súas funcións son principalmente a extinción de incendios e o rescate de vítimas e atrapados. En xeral, poden prestar axuda sempre que sexa necesaria para asegurar a integridade das persoas (p.e. derrubar un aleiro en mal estado que supón un risco).
- **Policía Nacional / Garda Civil**  
Para o mantemento da orde pública, o control de accesos, a protección de persoas e bens ou para tarefas propias como as de Policía Xudicial.
- **Policía Local**

Para o control do tráfico, o apoio á evacuación ou calquera outra tarefa que precise da súa colaboración. Poden, se é necesario, realizar moitas das tarefas semellantes as dos corpos e forzas da orde pública. En ocasións, exercen as tarefas de enlace con outros servizos municipais.


- *Protección Civil*  
Dispoñen de autoridade, medios de comunicación e capacidade como para preparar dispositivos de longo alcance fronte a sucesos graves (catastróficos) ou de localizar e poñer a disposición recursos de calquera tipo.

### **6.3 Identificación e funcións das persoas e equipos que levarán a cabo os procedementos de actuación en emerxencias**


#### **6.3.1 Estrutura Xeral**

A organización xeral dos medios humanos de Autoprotección da FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS queda resumida nos seguintes organigramas. O primeiro corresponde a unha emerxencia producida durante o "horario de de plena actividadé", onde se conta con practicamente todos os medios de actuación posibles. O segundo, pola súa banda, corresponde a unha emerxencia que se produce durante "horarios de actividade reducida ou non habitual".

#### Organización en "horario de plena actividade"



Organización en "horario de actividade reducida ou non habitual"



### **6.3.2 Funcións Assignadas en "HORARIO DE PLENA ACTIVIDADE"**

Como normas de actuación xerais, cada compoñente dos equipos de emerxencia deberá:

- Estar informado do risco xeral e particular que presentan os diferentes procesos dentro da actividade que se desenvolva.
- Sinalar as anomalías que se detecten e verificar que foron emendadas.
- Ter coñecemento da existencia e uso dos medios materiais de que se dispón.
- Estar capacitado para suprimir sen demora as causas que poidan provocar calquera anomalía mediante:
  - A acción indirecta (dando a alarma ás persoas designadas no Plan de Actuación ante Emerxencias).
  - A acción directa e rápida (cortar a corrente eléctrica, pechar a chave de paso do gas, illar as materias inflamables, etc.).
- Combater a emerxencia dende que se descobre, mediante:
  - O accionamento da alarma.
  - A aplicación das consignas do Plan de Actuación ante Emerxencias.
  - A utilización dos medios de primeira intervención dispoñibles mentres chegan os reforzos.
  - Prestar os primeiros auxilios ás persoas accidentadas.
  - Coordinarse cos membros doutros equipos para anular os efectos dos accidentes ou reducilos ao mínimo.

#### **a. Xefe de Emerxencias (XE).**

- É o responsable da activación do Plan de Autoprotección, neste caso o Vicedecano de Estudantes e Relacións Internacionais da facultade de Económicas e Empresariais, **Adrián Dios Vicente**, sendo o seu suplente **Xoán Ramón Doldán García** Decano da Facultade. O recibir o aviso dunha Situación de Emerxencia, dirixirase o Centro de Comunicación e Control (CONSERXARÍA), avaliará o tipo de emerxencia e tomará as accións que sexan necesarias. Ten a máxima autoridade e responsabilidade durante a Situación de Emerxencia, e coordinará a actuación dos Equipos de Emerxencia dende o Centro de Comunicación e Control, ata a chegada das Axudas Externas.
- Ordeará, en caso de ser necesario, ao Equipo de Alarma e Evacuación a evacuación da FACULDADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS.
- Declarará a correspondente Situación de Emerxencia.
- Realizará as chamadas os Servizos de Axuda Exterior (112).
- Supervisará as operacións de control da Situación de Emerxencia.

- Solicitará información sobre o resultado da evacuación.
- Reunirá a información necesaria sobre a emerxencia co obxecto de informar ao mando dos Servizos de Axuda Exterior a súa chegada.
- Recibirá as Axudas Externas, facilitándolles toda a información solicitada.
- Una vez finalizada a Situación de Emerxencia, dará as instrucións pertinentes ao persoal da FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, as cales loxicamente dependerán da gravidade dos acontecementos:
  - Abandono do Punto de Encontro Exterior e retorno a actividade normal, ou ben,
  - Abandono do Punto de Encontro Exterior e imposibilidade de retorno o interior da FACULTADE DE ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS.
- Do mesmo xeito, unha vez finalizada a Situación de Emerxencia, colaborará activamente na investigación do suceso.

**b. Xefe de Intervención (XI).**

No caso de emerxencia, del depende a primeira valoración da situación e a organización das primeiras intervencións. É a persoa que, unha vez no lugar da emerxencia, valorará e asumirá a Dirección e Coordinación dos Equipos de Emerxencia, mantendo informado en todo momento da situación ao Xefe de Emerxencias.

Comparecerá no lugar do incidente e informará o Xefe de Emerxencias da magnitude da emerxencia. Cos medios humanos e técnicos tomarán as medidas necesarias para que a situación volva á normalidade. No caso de tratarse dunha emerxencia, que supera os medios dispoñibles tanto materiais como humanos, informarase do xeito máis rápido posible ao Xefe de Emerxencias, para decretar a evacuación da Planta ou de toda a Facultade.

Unha vez comunicada a información ao Xefe de Emerxencias, porase ás súas ordes, para calquera outra tarefa que lle poida encomendar no caso de ser necesario axudará nos labores para combater a emerxencia como membro do Equipo de Emerxencias.

